

O xornal da Terra de Melide

Nº 67. Xullo 2011. Distribución gratuíta

MELIDE
O anterior
gobierno di que
deixou doce
proxectos
aprobados P10

COMARCA
Milhulloa
acolle os actos
do día do
cooperativismo
galego P18

LECER
San Cristóbal e
o Carme inician
a tempada de
festas en toda
a zona P13 e 19

ENTREVISTA



**Ceferino
Lobato,
Chaplin**

“Chegamos ó
25 aniversario a
base de tesón e
adaptándonos ó
mercado” P31

Éxito rotundo do II ‘Melide de tapas’, con 6.000 asistentes

A segunda edición do concurso de tapas, organizado por Asetem, superou tódalas expectativas de asistencia. Participaron 18 locais que cociñaron pinchos para unhas 6.000 persoas. A cifra de asistentes dobra a cantidade de persoas que acudiron á primeira edición. O premio á mellor tapa foi para Casa Quinzán; Pulpería Alongos II gañou os premios á tapa innovadora e á elaborada con produtos galegos e a de Cafetería Stop foi a mellor tradicional. P4 e 5.



Os rexedores da zona xa teñen o bastón de mando



O 11 de xuño tomaron posesión os novos alcaldes da zona. Melide, Santiso e Toques foron os tres concellos da comarca nos que houbo cambio de goberno. P11

Os mellores cortadores de xamón estiveron en Melide



Recoñecidos pola súa arte á hora de cortar o xamón, sete grandes cortadores concursaron no segundo certame organizado por Distribucións O Carrizo. P23



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA

- MEDICIÓN DE TERRENOS
- INFORMES PERICIALES
- PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PARTICIÓN DE HERENCIAS (partixas)
- VALORACIONES - CATASTRO
- CONCENTRACIÓN PARCELARIA
- CONCESIÓN DE AGUAS (pozos, traídas vecinales, etc)

Tfno. /Fax: 981 50 54 82 - Móvil: 639 82 00 24 - E-mail: ingtec@telefonos.es
Rúa Xosé Ramón Fernández Castro, 14 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Melide resiste á crise

-“Pecharon moitos comercios?”, preguntaba hai uns días unha moza que non visitaba Melide dende había medio ano.

-“Pois non, algún que outro, pero máis ben abriron máis”, respondíalle unha persoa ligada ó sector comercial e empresarial da localidade.

Tan certa é esta conversación coma a mesma realidade. Melide resiste á crise. Non podemos estar alleos ó que acontece aí fóra. É certo que estamos atravesando un momento moi difícil. É certo que o consumo descendeu e que isto afecta a todos os negocios. É a pescadilla que se morde a cola, porque o desemprego leva á falta de recursos e a que as familias aforren cada vez máis ante as incertezas que presenta o futuro, no canto de continuar consumindo en niveis similares ós do inicio da crise.

Pero cun simple paseo polas rúas da localidade pódese ver que segue viva. Que a crise apreta pero non afoga ó sector comercial. Nos últimos meses abriron varios negocios, que amplían a oferta de servizos que ofrece o comercio melidense e, pola contra, foron moi poucos os carteis de ‘liquidación por peche’ que se viron nos escaparates.

Melide non é unha vila morta, está en continua evolución e ten que seguir así para converterse na auténtica cabeceira da comarca e das vilas limítrofes.

Temos que conseguir que os veciños da zona pensen en Melide como un referente á hora de



facen tódalas súas compras. Porque na nosa vila pódese mercar calquera artigo, a prezos competitivos e recibindo unha atención personalizada, algo que non ocorre nas grandes superficies. Se queremos que Melide non decaia este é o momento para loitar e posicionarse nunha situación preferente. É o momento de multiplicar os esforzos para saír reforzados desta situación. E isto é un traballo que debemos facer todos en conxunto.

Dende Asetem-Cca centramos tódolos nosos esforzos en conseguir revitalizar os sectores comercial e empresarial. Poñemos en marcha iniciativas como a II ruta ‘Melide de Tapas’, que se celebrou no mes de xuño, e que supuxo todo un éxito de público para os 18 locais participantes. Foron case 6.000 persoas as que participaron no concurso e inxec-

taron unha remesa extra de diñeiro nas caixas dos locais participantes. Creemos que este é o camiño que se debe seguir, co desenvolvemento de iniciativas novidosas que son de moito proveito para todos aqueles negocios que se implican nelas.

Recentemente, Distribucións O Carrizo e Restaurante-Pulpería Alongos organizaron o II Concurso de Mestres Cortadores de Xamón en Melide. É digno de toda mención que sexa un empresario particular o que organice este evento, que contou cos mellores profesionais do ramo de toda Galicia e que supuxo un atractivo para facer que moita xente se achegara a Melide.

Conseguir que Melide saia reforzado da crise é un traballo de todos. Temos que ser conscientes de que o beneficio individual tamén é beneficio colectivo.

Tribuna de opinión

Un verán máis

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Colas nos supermercados, colas nos bancos e atascos no cruce. Esta é a estampa que presenta Melide dende hai uns días.

Xa é verán e moitos dos emigrantes que marcharon gañar a vida alén das nosas fronteiras xa están de vacacións. Fieis á tradición de visitar a familia na “terriña”, xa ateigan as nosas aldeas e vilas. Comeza a tempada de escoitar os acentos de fóra -principalmente o das terras vascas-, dos reencontros, da vida apretada nas casas, das comilonas a base dos mellores manxares galegos que tanto botan de menos os que están fóra durante todo o ano, dos baños no río, das festas grandes da parroquia.

Para a maioría, estes días que pasan cos seus supoñen unha recarga de enerxía en toda regra. Poder respirar aire puro, poder camiñar tranquilamente lonxe do

ruído dos coches e dos atascos das grandes cidades ou saborear a comida caseira son praceres da vida que non teñen prezo.

Analizando o fenómeno das vacacións dos emigrantes de xeito puramente económico, pódese dicir que a súa chegada é case imprescindible para que subsistan moitos negocios.

Nos meses de xullo e agosto xérase un fluxo de gasto que practicamente non se dá noutra época do ano, agás no Nadal. Nalgún sector, as vendas do verán poden supoñer ata o 40% dos ingresos anuais. Por iso, os que traballamos no comercio sabemos que debemos estar profundamente agradecidos a tódolos que nos visitan.

Hoxe, máis ca nunca, precisamos da chegada de tódolos que viven fóra. Benvidas sexan as colas e os atascos!

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Tamara Navaza Sa

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 2, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Santiago Prado Conde, Xosé Núñez López, Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’ de Melide

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Imprenta Meligraf

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	9
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	18
-COLABORACIÓNS.....	28
-ENTREVISTA.....	31

Asetem mellora a tarxeta de fidelidade do comercio

Os clientes que teñan puntos deben canxealos antes do próximo 31 de agosto

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) mellorará as condicións da tarxeta de fidelidade do comercio, 'Fidelimelide', que puxera en marcha hai agora uns catro anos.

Co afán de mellorar as prestacións da tarxeta, farase un cambio nas condicións xerais de funcionamento, pasando do sistema de acumulación de puntos a facer descontos na seguinte compra. Os descontos serán para determinadas seccións e irán sempre ligados a unha campaña comercial. Con esta fórmula respétase totalmente o establecido na nova Lei de Comercio de Galicia.

Deste xeito, os usuarios que

teñan acumulados puntos na súa tarxeta deberán canxealos antes do próximo 31 de agosto. A partir de dito día, os puntos perderán validez e quedarán eliminados.

Para efectuar o cambio dos puntos por artigos ou descontos, os clientes terán que acudir ás tendas adscritas ó programa, que están identificadas cun Punto Estrela na súa porta.

Carteis de rebaixas

Dende finais de xuño, Asetem-Cca reparte entre os seus socios os carteis oficiais de rebaixas que deseña a Federación Galega de Comercio.

Calquera socio interesado pode recollelos de xeito gratuíto nas oficinas da asociación.

A nova Lei de Comercio estipula as condicións que se deben cumprir no período de rebaixas. Entre elas figura a total prohibición de facer descontos promocionais no mes anterior ó comezo da tempada de rebaixas.

O concelleiro de Comercio reúnese coa patronal

O novo responsable do departamento de Comercio do Concello de Melide, o popular Santos López, reuniuse coa xunta directiva de Asetem-Cca o xoves 7 de xullo. Este primeiro encontro serviu de toma de contacto inicial entre o novo titular da área relacionada coa actividade da patronal e a xunta directiva.

Santos López amosou a súa vontade de traballar para dinamizar a actividade comercial e empresarial en Melide e minorar os efectos da crise.

Dende a directiva de Asetem-Cca amosaron a súa total colaboración neste asunto. Ademais, plantexaron distintas cuestións de relevancia como a renovación dos cargos da Mesa Local de Comercio ou a organización da edición de verán da feira de saldos Mercamelide, que se celebra habitualmente no mes de agosto.

Os peregrinos tamén len Cerne



Reparto en:

Melide
Santiso
Sobrado
Toques

Arzúa
Palas de Rei
Portomarin
Sarria



Villamor.s.c

www.inmobiliariavillamor.com

Rodrigo Fernández Pombo

gerente

Inmobiliaria - Seguros - Comunidades

MELIDE
Canton de San Roque, 8

Tel. y fax: 981 815 330
info@inmobiliariavillamor.com

SEGUROS BILBAO

Grupo CATALANA OCCIDENTE

Rodrigo Fernández Pombo
C/Rda. de Pontevedra, 113
15800 - MELIDE
Tlf/Fax: 981 506 495
Móvil: 678 055 942

**CONVENIO ESPECIAL ASETEM:
PRECIOS ESPECIALES PARA ASOCIADOS**

OFICINAS Y COMERCIOS hasta el

TU SEGURO DE OFICINA O COMERCIO A PRECIO DE OTRAS TEMPORADAS

40% descuento



RuralTEC FORMACIÓN

981815442
664129139
Martagona 11, Baixo - Melide

CLASES DE INGLES

Cursos de nivelación y preparación para exámenes
Clases para niños con juegos y actividades
Curso de inglés para todas las edades
Grupos reducidos

CIDERTRONIC

www.cidertronic.es

981815442
668880038

M6-30P
543.50 €

XAP-30
Especialmente indicada para mercadillos y conexión a TPV
183.00 €

M5-30
497.50 €

BASCULAS A PRECIO DE RISA!!!!!!

Precios sujetos a las condiciones de compra de la web.

RuralTEC Sistemas

Preto de 6.000 persoas probaron os pinchos do II 'Melide de tapas'

Casa Quinzán, o Alongos II e a Cafetería Stop foron os locais premiados

Os venres e sábados do mes de xuño foron un fervedoiro de xente nos 18 establecementos melidenses que participaron na II ruta 'Melide de tapas', organizada por Asetem-Cca. Case 6.000 persoas outorgaron o seu voto ás tapas participantes, entre as que había creacións gastronómicas para tódolos gustos.

Os hostaleiros valoraron "moi positivamente" a iniciativa e destacaron o importante aumento na participación do público con respecto á edición do ano pasado. Melidenses, peregrinos e xente que se atopaba de paso probaron as variadas tapas. "É unha boa maneira de fomentar que a xente saia e visite os moitos locais que hai en Melide", aseguran dende o gremio. Moitos dos participantes ven este con-



Sebastián Becerra, de Casa Quinzán; Celia Casares do Alongos II e Jorge Santiso do Stop

curso como un xeito de facer nova clientela, xa que hai persoas que entran por primeira vez nos seus locais grazas a esta iniciativa.

Os premiados

O premio para a mellor tapa foi para a 'Brocheta campera' elaborada por Casa Quinzán.

A 'Orella picante' de Cafetería Stop obtivo o recoñecemento á mellor tapa tradicional.

Na categoría de tapa innovadora resultou premiada a creación 'Pulpo no mar e na miña terra' do Restaurante-Pulpería Alongos II, que tamén recibiu o galardón á tapa elaborada con produtos galegos.

Os resultados do concurso déronse a coñecer nun acto no que tamén se sortearon os premios correspondentes ó público, mediante o sistema de man inocente. Entre os cartóns de votación sorteouse unha estancia na Casa Grande de Nadela con visita e xantar no parque Marcelle Natureza,

da que resultou gañador Javier Buján Ramos, polo voto depositado na Cervexería Pinocho. O agraciado co lote de produtos ibéricos, cedido por Distribucións O Carrizo, -premio para as persoas que completaron o pasaporte con tódolos selos-, foi Rubén López Gómez, veciño de Melide.

Valoración positiva

A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, destacou o incremento da afluencia con respecto á anterior edición. "É unha iniciativa que gusta á xente e que é boa para dinamizar a vila nun mes como é o de xuño que non soe ser de moita actividade".

Valiño tamén resaltou a "gran variedade de tapas que se presentaron ao concurso, todas feitas con produtos de moi boa calidade", algo co que tamén coincidiron os membros do xurado.

A presidenta de Asetem-Cca animou aos hostaleiros a implicarse en iniciativas que "benefician ao sector e a todo Melide e que son importantes para manter vivo o pobo".

OS GAÑADORES



Sebastián Becerra, encargado de Casa Quinzán, xunto co creador da tapa, o cociñeiro Nicolás Martínez, posan coa 'Brocheta campera' que acadou o premio á mellor tapa do concurso

-Como xurde a idea de presentar a 'Brocheta campera' ao concurso?

-(Sebastián Becerra): La idea fue de Nicolás, el cocinero. Él fue quien la propuso para el concurso.

-(Nicolás Martínez): Pensé en crear una tapa que pudiera gustar a todo el público. En realidad, es la versión reducida de un plato que ya había elaborado anteriormente.

-Polo que se ve, tivo moito éxito entre o público

-(SB): A la gente le gustaba la tapa. Hay quien vino varias veces a probarla y los comentarios siempre eran positivos. El primer fin de semana nos vimos desbordados, hubo mucha afluencia de clientes y se nos agotó la tapa. Los siguientes días ya trabajamos con esta previsión.

-Que ingredientes leva?

-(SB): Lleva solomillo de cerdo, con verduras confitadas -calabacín, pimiento y tomate cherry- con salsa de cítricos elaborada a base de mousse de limón.

-Foi a primeira vez que participaron na ruta das tapas

-(SB): El restaurante abrió hace un año. Yo estoy de encargado desde marzo. Con el anterior responsable habíamos ganado el primer premio de la ruta de Setas y Castañas, de lo que se acordaba mucha gente. Ahora, decidimos participar para integrarnos en el pueblo y darnos a conocer. Estuvimos muy motivados.

-Seguirá poñendo este pincho?

-(SB): Por ahora no lo vamos a

incorporar a la carta, pero sí lo vamos a incorporar al menú del día.

-Tivo moita repercusión o concurso no seu negocio?

-(SB): Si. Conocimos a mucha gente que nunca antes había venido. Vino gente de Melide sobre todo y muchos grupos de amigos, con el pasaporte para completar la ruta. Ahora estamos a la expectativa a ver si repiten. Estamos muy contentos con la acogida, porque es una buena forma de hacer nuevos clientes.

-Está decidido a participar para a próxima edición?

-(SB): Por supuesto. Estamos muy animados y motivados para participar en el siguiente concurso. Tenemos que mantener el nivel.



Celia Casares, Pulpería Alongos II
Premio á tapa innovadora e á tapa elaborada con produtos galegos por: ‘Pulpo no mar e na miña terra’

-Presentou ó concurso unha tapa “4 en 1”

-A tapa estaba composta por unha vieira mesturada con langostinos e pulpo; ensalada de pulpo con leituga e tomate cherry; grelos con pulpo e grelos con aguacate.

‘Pulpo no mar e na miña terra’, un nome suxerente

-Puxen ‘pulpo no mar’ en alusión á cuncha, na que mesturei varios produtos do mar e ‘na miña terra’ polo resto, porque son todos produtos da horta.

-Demostrou que o pulpo se pode comer acompañado por moitos produtos

-Si, o pulpo pódese comer de infinitas maneiras. A principal innovación foi poñelo con

aguacate. O pulpo á galega está moi bo, pero creo que temos que elaborar cousas distintas para non caer no aburrimiento.

-A pesar de que había moita competencia, conseguiron dous premios, á tapa innovadora e á feita con produtos galegos

-Era unha tapa realmente innovadora, porque a min gústame experimentar na cociña, aínda que sempre vou ter como referente a cociña tradicional que aprendín de miña nai. Ademais, tódolos produtos eran galegos.

-Poñerá a tapa na carta?

-Si, ó igual que fixen ca do ano pasado. Desta poñerei a tapa

completa ou en racións, para o que queira comer só a vieira, o pulpo en ensalada, con grelos ou con aguacate.

-Como valora a segunda edición do concurso?

-Foi moito mellor que o ano pasado. Houbo moita máis xente e tamén participaron máis locais. Veu moita xuventude e xente de Lugo, Santiago ou da Coruña.

-Contamos coa súa participación para o seguinte ‘Melide de tapas’?

-Por suposto. Para o ano quero facer unha tapa con ternera gallega, porque temos que potenciar o noso. E espero que se anoten máis locais e que haxa tapas máis creativas.



Jorge Santiso Pérez, Cafetería Stop
Premio á tapa tradicional por: ‘Orella picante ao estilo Stop’

-Por que se decidiu pola orella picante para presentar ao concurso?

-Nesta casa sempre foi tradición traballar con comidas con picante, como a zorza ou lentellas con panceta. Eu quería manter esa tradición e poñer un produto típico, galego e de calidade, que fora tradicional da cociña galega. A tapa gustou moito a todos os que a probaron, incluso ós máis novos, os que non lle soe gustar tanto.

-E ademais quería unha tapa que xa servira no seu negocio con anterioridade

-Si, quería poñer unha tapa que soubera con certeza que seguiría poñendo. A orella picante pódese comer tódolos venres na Cafetería Stop.

-A súa era unha das tapas máis tradicionais que se presentaron, víase con posibilidades de gañar o premio?

-A verdade é que non. Había moita competencia. Participaron outros establecementos con tapas moi creativas e moi traballadas. Polas características do meu negocio non me podía permitir ofrecer unha tapa moi elaborada. O premio foi toda unha sorpresa. Aínda que está considerado un dos premios pequenos, para min é moi grande.

-Era a primeira vez que participaba

-Si. O ano pasado non participara e este ano animáronme a facelo. Ó comezo non estaba

moi decidido, pero vendo a cantidade de xente que viña a probar a tapa e o resultado final a valoración é totalmente positiva.

-Tivo moita afluencia de público no seu establecemento?

-Veu moita xente. Sobre todo a primeira fin de semana. A maioría era xente de Melide, moitos grupos, pero tamén moita xente de fóra, e peregrinos. Houbo días en que servín a tapa ata as 12 da noite. Houbo moita demanda.

-Participará na próxima edición da ruta?

-Si. Creo que é unha boa iniciativa para a hostelería. É bo que teña continuidade.

Os primeiros días de rebaixas chegan con descontos de ata o 70%

Dende o día 1 de xullo xa locen na maioría dos comercios melidenses os carteis das rebaixas. Este ano, os descontos son máis notables que en tempadas pasadas. A maioría de artigos teñen rebaixas entre o 20 e o 50%, aínda que xa se poden atopar gangas ó 70%. Como é habitual, as ofertas máis suculentas están no sector téxtil e no calzado.

Dende o comercio melidense amósanse á expectativa e aseguran que nos primeiros días de rebaixas as vendas foron “relativamente boas”, aínda que a crise segue a facer mella no consumo das familias da zona.



A moda e o calzado son os artigos con maiores descontos

Asetem asiste á asemblea da Federación Galega de Comercio

A presidenta de Asetem-Cca, Sonia Valiño, asistiu o pasado 30 de xuño á asemblea xeral que a Federación Galega de Comercio celebrou en Santiago de Compostela.

Na reunión, o colectivo de comerciantes -presidido por José María Seijas- aprobou un orzamento de 4,2 millóns de euros para este ano, fondos cos que a entidade continuará coas actividades de promoción e dinamización do sector comercial de toda a comunidade. Terán continuidade as campañas ‘As compras na túa vila teñen premio’ -que se celebrou en Melide en novembro de 2010- para potenciar o comercio de proximidade.

A FGC realizará xornadas para fomentar o comercio electrónico e continuará cos plans de formación, que estarán centrados en formar aos comerciantes no inglés.

Nova Lei de Comercio

Na súa intervención ante a asemblea xeral, Seijas aplaudiu a publicación da nova Lei de Comercio e animou ao sector a empregar as armas que a nova lexislación pon a disposición do pequeno comercio fronte a outros formatos. Neste senso, pediu que se cumpla a lei e se vixie ás grandes superficies ante as posibles infraccións durante a campaña de rebaixas.



...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña info@ccxestion.com
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314 www.ccxestion.com

Axudas e subvencións

1.Subvencións a establecementos de turismo rural, hoteis, hoteis talaso, hoteis balneario, balnearios, cafetarías, bares, restaurantes, palacios de congresos e empresas adicadas ó turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre, co obxecto de implementar as correspondentes normas UNE que conduzan á certificación da marca Q de Calidade Turística do Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE), para o ano 2011. (DOG nº 112, do 13 de Xuño de 2011)

Actuacións subvencionables: Procesos de primeira certificación, seguimento e/ou renovación da Q de Calidade Turística do ICTE (Auditoría externa, Dereitos de Uso da marca Q do ano 2011)

Beneficiarios: Pemes que contén coa clasificación turística expedida pola Comunidade Autónoma, que esté inscrita ou se inscriba no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta. Prazo: Ata o 13 de Xullo de 2011.

2.Subvencións a fundacións, asociacións e institucións culturais que desenvolven as súas actividades en Galicia, para o seu funcionamento e realización de programas e actividades culturais. (DOGA nº 112 de 13 de xuño de 2011)

Obxecto: realización de actividades culturais de promoción da cultura galega, que contribúan á normalización da lingua galega. Valorase a transcendencia cultural do proxecto e o fomento da lingua e da lectura en galego.

Contía: 75% do orzamento total da actividade subvencionable, cun máximo de 20.000€.

Prazo: ata o 13 de Xullo de 2011.

3.Subvencións a proxectos dinamizados das áreas rurais de Galicia.

(DOGA nº 112 de 13 de xuño de 2011).

Liñas de Axuda:

I.Fomento de actividades turísticas

II.Servizos básicos para a economía e a poboación rural

III.Conservación e mellora do patrimonio rural

Beneficiarios: Asociacións, fundacións e entidades privadas sen ánimo de lucro.

Prazo: ata o 28 de xullo de 2011

4.Subvencións destinadas a incentivar o turismo de aventura, actividades de lecer e tempo libre, ano 2011. (DOG nº 118, do 21 de Xuño de 2011)

Beneficiarios: empresas (pemes) autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de socie-

dade mercantil, civil ou comunidade de bens, que estén inscritas ou se inscriban no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

Liñas de axuda e contías:

A) Mellora das infraestruturas para actividades hípcas, náuticas, golf e oferta turística complementaria. Ata o 40% do orzamento subvencionable, máximo 150.000€

B) Redacción de proxectos para a creación de campos de golf. Ata o 40% do orzamento subvencionable, máximo 60.000€.

C) Adquisición e/ou renovación de activos fixos (bicicletas, piraguas, embarcacións, material golf, sendeirismo, centros BTT, etc.). Ata o 30% do orzamento subvencionable, máximo 20.000€.

D) Creación de novas ofertas e novos produtos así como implementación de novas tecnoloxías para a xestión e comercialización do produto ofertado. Ata o 40% do orzamento subvencionable, máximo de 60.000€.

Quedan excluídos a adquisición de terreos.

Prazo: Ata o 21 de Xullo de 2011.

5.Subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a mellora de establecementos hoteleiros do grupo I e creación ou mellora da oferta complementaria de establecementos hoteleiros existentes, ano 2011. (DOG nº 118, do 21 de Xuño de 2011)

Beneficiarios: Empresas autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, que estén inscritas ou se inscriban no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

Liñas de axuda e contías:

A) Mellora, remodelación ou modernización de establecementos hoteleiros do grupo I (hoteis de 1 a 5 estrelas): elevación da categoría do hotel, reconversión de cuartos en suites, mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras, mellora de garaxes ou aparcamentos, ampliación ou mellora de instalacións adicadas ó coidado da saúde, implantación de tecnoloxías e sistemas de organización para a mellora da xestión, e obras de mellora medioambiental. Ata o 30% do investimento subvencionable.

B) Proxectos de creación ou mellora da oferta complementaria (instalacións deportivas, recreativas ou de ocio, garderías, spa...) e activi-

dades destinadas especialmente para o público infantil e aquelas susceptibles de xerar máis gasto e/ou maior estancia media dos viaxeiros. Ata o 40% do investimento subvencionable.

Prazo: Ata o 21 de Xullo de 2011.

6.Subvencións a entidades privadas para incentivar o turismo mediante a creación e mellora de hoteis-balnearios e hoteis-talaso, ano 2011. (DOG nº 118, do 21 de Xuño de 2011)

Beneficiarios: empresas autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, que estén inscritas ou se inscriban no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia.

Liñas de axuda e contías:

A) Creación de hoteis-balneario e hoteis-talaso. Ata o 40% do investimento subvencionable.

B) Proxectos de mellora, remodelación ou modernización das instalacións existentes nos hoteis-balnearios e de hoteis-talaso: elevación de categoría do hotel, reconversión de cuartos en suites, mellorar as condicións de accesibilidade e supresión de barreiras, ampliación e mellora das instalacións termas e da zona de tratamentos, gardarías, mellora de garaxes ou aparcadoiros, implantación de tecnoloxías e sistemas de organización para a mellora da xestión, e obras de mellora ambiental. Ata o 30% do investimento subvencionable.

Prazo: Ata o 21 de Xullo de 2011.

7.Plan Renove de Equipos de Climatización 2010 (DOGA Nº 121, do 24 de xuño de 2011)

Amplíase o prazo límite de vixencia do Plan Renove de Equipos de Climatización ata o 31 de xullo de 2011

8.Liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva en Galicia. (Programa Re-Imaxina) (DOGA Nº 119, do 22 de xuño de 2011)

Liñas de axuda:

a) MICROCRÉDITOS (Investimentos en microempresas). Crédito máximo de 25.000€, con xuro ó 4,05%. Prazo de reembolso 5 anos. Podese financiar ata o 100% dos investimentos.

b) PEME XOVE (Investimentos en proxectos emprendedores). Créditos entre 25.000€ e 120.000€; xuro, Euribor a seis meses máis 1,5 puntos. Prazo de reembolso entre 5 e 7 anos incluído ata 1 ano de carencia. Podese financiar ata o 90% dos investimentos.

c) PEME COMPETITIVA (Investimentos que permitan mellorar a competitividade das empresas). Créditos entre 25.000€ e 120.000€; xuro, Euribor a seis meses máis 1,5 puntos. Prazo de reembolso entre 5 e 7 anos incluído ata 1 ano de carencia. Podese financiar ata o 75% dos investimentos.

Beneficiarios: PEMES, persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica que anque non teñan personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades da subvención.

Prazo: Ata o 30 de Setembro de 2011.

9.Axudas a explotacións gandeiras, industrias agroalimentarias e establecementos de xestión de subproductos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subproductos de orixe animal non destinados ao consumo humano. (DOGA nº 123, do 28 de Xuño de 2011)

Prazo: 28 de xullo de 2011

Liñas: - Axudas ás pequenas e medianas empresas agrarias

- Axudas a industria agroalimentaria

- Axudas ao almacenamento e procesado intermedio de subproductos.

- Axudas a plantas de transformación, destrución e valorización de subproductos

10.Axudas para o fomento da primeira forestación de terras non agrícolas. (DOGA Nº 123, do 28 de Xuño de 2011)

Beneficiarios: propietarios particulares, sociedades e agrupacións dos propietarios, cooperativas agrarias, comunidades de bens, entidades locais, outra persoas xurídicas ou as comunidades de montes veciñais en man común.

Terreos obxecto da axuda: aqueles que estean identificados no SIXPAC como Forestal, pasto con arboredo ou pasto arbustivo. Axuda: máximo 80% do valor do investimento subvencionable en zonas desfavorecidas e o 70% no resto dos casos. Existe un máximo de investimento por hectárea, según a especie plantada. Prazo. Ata o 28 de xullo de 2011



Casa Grande de Madela

Restaurante Hotel

Nadela, 50 - 27160 Lugo
Tfno.: 982 30 59 15/17 - Fax: 982 30 59 18
restaurante@casagrandenadela.com
www.casagrandenadela.com

DIRECTORIO DE EMPRESA E COMERCIO

ASESORÍAS

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881973307
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678055942

BANCA

Banesto
Rda. da Coruña, 16
981507978
Caixanova
Alexandre Bóveda, 7
981507300

CANTEIRAS

Canteras Rechinol
Arenal, 64 entrp. Izq,
Lalín
981505504
Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981505576

CARPINTERÍA

Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981505418
Carpintería
José Vilela
Lg. de Piñor, 14
667435808
Carpintería Laya
Rua Palas de Rei, 8
981505283
Eypar, S.A.
Madanela
981507203
Maderas
Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608587447

COMERCIO

Aceiteiro
Rda. da Coruña, 34
981505013
Andón Zapatería
Galicia, 26
981507896
Área de Servicio
O Rañao
O Rañao s/n, Melide
981506473
Autorecambios
Ángel
Avda. de Lugo, 4
981505251
Bambi
Rosaleda, 5
981507536
Bensar
Novoa Santos, 10
981506165
Berencello
Rúa do Convento, 2
661815976
Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981505004
Calitex
Galicia, 4
981505154
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981505160

Carnicería Mella
Progreso, 16
981507556
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
981505916
Casa das Luces
Alexandre Bóveda, 11
981505111
Casa Juanito
Mateo S. Bugeiro, 39
981505103
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981505396
Centro Comercial
Ares
Rda. da Coruña, 27
981505053
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981507421
Comercial Pampín
Cantón de S. Roque, 4
981506142
Confecciones
Cardigan
Convento, 20
981505110
Cristalería González
Agüeiros, 44
981507016
Cubiertas
Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco
988335294
Decoré
Rúa do Convento, 1
661779193
Deportes López
Avda da Habana, 5
981505425
Distribuciones
Mella
Xoán XXIII
981506068
Distribucións
O Carrizo
Avda. de Lugo, 83
615360089
Distribuciones
Pascual
Avda. Lalín, 24
981506150
Estanco Angarela
Progreso, 9
981506096
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981505900
Electrotel 2000
Florentino Cuevillas, 18
981507171
Escayolas Sito
Rda. Pontevedra, 75
981505951
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981505971
Establecimientos
El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981505089
Estación de Servicio
Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981516004
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670292917

Expert-Melide
Rda. da Coruña, 32
981507855
Floristería Chelo
Alhóndiga, s/n
981505876
Floristería Maru
Convento, 9
981507580
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981506164
Frutas Gallego e
Hijos
Laberco, s/n, Arzúa
981500429
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600448092
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981505047
Hijos de Casal
Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981505310
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881957087
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981506256
Inpugal
Rda. de Pontevedra, 107
981507647
Iris Melide
Emilia Pardo Bazán, 11
981507806
Jim Sports
Technology
Madanela S/N
981506434
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981505335
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981505468
Joyería Silvela
Rda. da Coruña,40
981505997
La Cortina
Avda. de Lugo, 43
981506358
Lácteos Terra de
Melide
Orois, Melide
981808009
Larpeiradas
Praza do Instituto,4-3º
981505688
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981507334
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981505775
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981505055
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981942415
Marvi
Rúa do Convento, 16
981507194
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981507881
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981505564
Modas El Dándolo
Convento, 15
981506370

Modas Manuel
Rda. da Coruña, 68
981507377
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981507031
Muebles Paula
Ctra. Lugo, km 46,
Melide
981505734
Multiprecio Cousas
Novoa Santos, 25
981507474
Muxica Tenda
Xoven
Rúa do Convento, 36
981506366
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 20
981506097
Ortopedia Ortosáude
Rda. Pontevedra, 16
981507874
Panadería Tahona
Avda. da Habana, 7
981505127
Panadería e
Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981505181
Per lei
Rúa de San Pedro, 10
981507437
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981507684
Pescados Abel
Ovedo, 16
609823079
Pescados e
Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629812029
Pinturas Mejuto
Vimianzo, Santiso
981193494
Q me compro
Alexandre Bóveda, 16
981505149
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981505137
Ramón Pampín
Bango
Rda. de Pontevedra,105
981507526
Ribeirao
Convento, 12
981505018
Sanoguera
Fotografía
Rda. de Pontevedra,45
981507360
Silvia Novias
Rda. de Pontevedra,48
981507174
Cooperativa
Melisanto
Agüeiros s/n, Melide
981506026
Suministros
Industriales Cire
Pol. Ind . A Madanela,
parc. 22
981507954
Súper Vilasoa
Xesús Bal Gay, 6
627240011
Supermercados
García
Rda. da Coruña, 14
981815400
Supermercados
Gómez
Amador Rodríguez, 3

981507027
Xebre
Rúa de San Pedro, 16
981505723
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981505431
Zapatería Tanuska
Cantón de S. Roque,14
981505793

CONSTRU-
CIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981515386
C.S.A.
Convento, 15-1º Izq.
981507374
Calefacciones Rois
Alcalde Jesús Fuciños
Buján, baixo
981804404
Cervisa Sistemas
Metálicos
Pol. Ind. A Madanela,
981507176
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981507729
Const. Leonardo
Miguélez
Santa María, Melide
981505273
Const. Martínez
Cordido
Dr. Fleming, 1
981506051
Const. Pambre
Fdez. Castro, 8
981505859
Const. Pichel Hnos
Avda. Estación, 2, Lalín
986780759
Costoya Varela, J.
Rda.Pontevedra,51 1º Iz.
981507089
Escayolas
Jesús Fociños
Avda. Montserrat, 40
Esc. 3 piso L2, A Coruña
981170550
Excavaciones
Paradela
Ribeiro,s/n
Os Ánxeles, Melide
981505592
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981505025
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981173616
Marmolería
La Viña
C/ Lugo s/n, Arzúa
981500451
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981505518
Penas y Mosteiro
Avda. Toques y Friol
981504782
Química Industrial
Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981505300

Revestimientos
Rifer

Avda. de Lalín, 26
981507116

HOSTELERÍA

Bodegas Curros
Rda. de Pontevedra,18
981505968
Bodegón Celta
Agüeiros, Melide
981505505
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981505355
Cafetería Ivory
Cantón de S. Roque, 1
981507901
Cafetería Marta
Cantón de S. Roque, 13
981505346
Cafetería MJ
Alexandre Bóveda, 17
981507853
Cafetería Ruada
Rda. de Pontevedra,95
981507537
Cafetería Trinidad
Antón Fraguas, 3
Espectáculos
Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981505328
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981507633
O sapo Lambón
Avda. de Toques, 35
981505023
Parillada O Carbuvo
Villamor, Toques
981504907
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981506076
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986682545
Pizzería Xoldra
Avda. de Lugo, 25
981507906
Pulpería Alongos
Avda. de Lugo, 22
981507510
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981505291
Pulpería Mosquera
Avda. de Lugo, 85
981505587

ENXEÑERÍA
TÉCNICA
AGRÍCOLA

Javier López López
Rúa Xosé Ramón Fdez.
Castro, 6
981505482

SERVIZOS

Aprende Academia
Rda. de Pontevedra,10
981815432
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981507047
Inmobiliaria
Villamor
Cantón de S. Roque, 8
981815330

Mª Jesús Iglesias
Sánchez
Rda. Coruña, 29-1ºD
981507608
OID
Rda. Pontevedra, 53
981505156
Peluquería
Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 9
Entrechán
650436375
Rural Tec
Martagona esquina Bos
Aires
981507245
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981505903
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981506388
Tecturis
Avda A Coruña, 39
2º C, Lugo
982242563
Toño Peluqueros
Rda. Pontevedra, 59
981506181
Veterinaria Mónica
Blanco
Mateo S. Bugeiro,11
629507958
Xiganet
Rúa Progreso, 36
615929647

SOCIO COLA-
BORADOR

Mª Carmen
Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 1º
981505280

TALLERES

Talleres Bertocar
Furelos, Melide
981505612
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981505211
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981505999

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981517789
Gasogal S.L.
Emilio Campoamor, 2
981506029
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981515818

Ánxeles Vázquez tomou posesión como alcaldesa arroupada por ducias de veciños

“O emprego é a mellor política social que poida facer calquera goberno”

“Propoño unha coalición coa xente do pobo para recuperar a confianza en Melide”

Ánxeles Vázquez Mejuto converteuse en alcaldesa de Melide o pasado 11 de xuño, día no que se conformou a nova corporación municipal.

Ducias de veciños ategaban o salón de plenos do consistorio melidense para presenciar o acto de toma de posesión dos novos concelleiros, os do goberno e os da oposición.

A secretaria do Concello coordinou o acto, que comezou co xuramento do cargo de concelleiro dos edís do PP ante a Constitución. Pola súa parte, os concelleiros do BNG prometeron o seu cargo e fixérono sobre un exemplar do Sempre en Galiza de Castelao.

No seu discurso de toma de posesión, Ánxeles Vázquez amosouse conciliadora e non realizou ningunha alusión á xestión do anterior equipo de goberno, que criticou duramente mentres estaba na oposición. Precisamente, aos concelleiros do BNG e PSOE, que agora forman parte da oposición, pediulles “propostas e críticas, que de seguro serán construtivas”.

A nova alcaldesa asegurou ter “un compromiso con cada un dos veciños de Melide, independentemente da súa cor política, porque as eleccións remataron a noite do 22 de maio”. Fixo varias referencias á idea de “goberno para todos sen distincións”, no que primará “o interese xeral por riba do particular”, e propuxo “unha coalición coa xente do meu pobo, para recuperar a confianza en Melide”.



Momento no que Ánxeles Vázquez xura o cargo como alcaldesa



Vázquez felicitou ó resto de edís de Melide no seu discurso



O salón de plenos do Concello estaba ategado de veciños



O equipo de goberno ó completo posa ás portas do Concello

Vázquez comprometeu esforzo e unidade e salientou que o seu proxecto de goberno será “solvente”. O concepto de austeridade tamén estivo presente no primeiro discurso da nova rexedora. “Son plenamente consciente do momento que atravesamos, con persoas que viven unha situación moi delicada. Toca priorizar, motivo polo cal a austeridade faise imprescindible”.

Potenciar o emprego

“O emprego é a mellor política social que poida facer calquera goberno”. Deste xeito, Vázquez deixaba claro que potenciar o emprego será a tarefa á que adique máis esforzos. Así, recoñeceu a difícil situación que vive o municipio neste ámbito. “Hai máis de 700 persoas que se atopan sen traballo, algunhas tras máis de 25 anos en activo”.

Falou de poñer a disposición dos empresarios e comerciantes “as facilidades necesarias para que xeren emprego”.

Neste senso, apostou por mellorar a calidade e eficacia dos servizos públicos para situar o concello “máis preto ca nunca da cidadanía”.

A rexedora entrante tamén aludiu á importancia das asociacións no desenvolvemento da vila. Afirmou que son as primeiras entidades en sufrir os efectos da crise, pero anunciou que lles pedirá un esforzo, porque “máis que nunca as necesitamos para dinamizar a sociedade”.

Frear a despoboación no rural e dar un novo pulo ó sector primario, son outros dos obxectivos do novo goberno, que tamén prestará atención ós mozos, ós maiores -“prestando servizos de calidade a nivel sanitario e de benestar social”- e á educación.

A primeira medida que puxo en marcha a alcaldesa foi contratar unha auditoría para coñecer o estado das arcas municipais, actuación que comprometera durante a campaña electoral.

Equipo de goberno

O novo equipo de goberno está conformado por sete concelleiros máis a alcaldesa. Cinco mulleres fronte a tres homes, que Vázquez definiu no seu discurso de investidura como “un equipo formado e capaz, forte ante os problemas, que sacará forzas para afrontar as dificultades e intentará cumprir o programa integramente”.

Respecto ao reparto das áreas de goberno, Ánxeles Vázquez tamén asume o departamento de Urbanismo. Rosa Cabado coordinará a área de Obras e Servizos, ademais de facerse cargo da tenencia de alcaldía.

Pola súa banda, o terceiro da candidatura popular, Santos López, será o edil de Comercio e Turismo e Formación e Emprego. A carteira de Cultura, Deportes e Normalización Lingüística estará nas mans de Dolores Gómez, mentres que José Luis Arias farase cargo de Economía e Persoal. María

Jesús López Mourón asumirá Benestar e Seguridade e Sanidade e Medio Ambiente serán tutelados por Benito Nebril. Dalia García será concelleira de Xuventude.

As dedicacións exclusivas confirmáronse no primeiro pleno da lexislatura.

Pleno de organización

O pleno de organización, no que quedarán definidos que área corresponde a cada concelleiro, así como as dedicacións e demais cuestións para organizar o funcionamento do concello, está convocado para o venres 8 de xullo.

Dende a oposición, a voceira do BNG, Socorro Cea, criticou a tardanza do goberno en convocar o pleno, pois a data límite sería o 11 de xullo, un mes despois da toma de posesión. Cea asegura que hai varias licenzas de particulares paradas, que non poden concederse porque deben aprobarse na Xunta de Goberno Local, que non existe.

Melide dispón de 1,75 millóns para levar a cabo 12 proxectos, segundo o anterior executivo

A maior partida, de 500.000 euros, é para a última fase da Casa da Cultura

O anterior goberno de Melide asegura ter deixado 12 proxectos aprobados, coa súa correspondente financiación por valor de 1,75 millóns de euros. Así o afirmou a voceira do BNG e ex alcaldesa melidense, Socorro Cea. Deste xeito, o goberno actual só ten que licitar as obras ou continuar as que xa están comezadas.

Partidas orzamentarias

O proxecto que acapara a partida máis elevada é a última fase da reforma da Casa da Cultura, con 500.000 euros, que Melide recibiu a través



A Casa da Cultura recibirá unha partida de 500.000 euros

dun convenio asinado co Ministerio de Cultura.

A mellora do contorno do Camiño Francés, na aldea de Santa María, é o segundo proxecto coa financiación máis cuantiosa, ao corresponderlle algo máis de 243.000 euros.

Non obstante, o organismo que aporta máis recursos é a Deputación da Coruña, que fi-

nanciará un total de 10 proxectos cunha inversión global superior a 1,01 millóns de euros. Entre as obras que se realizarán con cargo ós fondos do ente provincial están a cuberta das pistas de pádel (56.550 euros), a ampliación do abastecemento de auga nas parroquias de San Salvador, Vítiriz e Riocobo (máis de



As pistas de pádel cubriranse para poder usarse todo o ano

430.000 euros), a recollida de pluviais e nova pavimentación en oito rúas próximas á piscina climatizada (91.000 euros), a mellora da rede de pluviais na Avenida Compostela e na Praza do Instituto (74.500 euros), o saneamento de Zaramil, en San Salvador (81.500 euros). O Plan de Obras e Servizos (POS) inclúe

melloras en viais dos Ánxeles, San Cibrao, Cabanelas, Xubial, Orois, Baltar, Zas de Rei (100.000 euros) e melloras en viais de Piñor e nas rúas Ourense e Doutor Emilio Pereiro (88.500 euros). A Deputación tamén aportou fondos para o proxecto de sinalización completa do rural melidense (88.700 euros).

Emprendedores en Melide

El Baúl de la Piquer, nova tenda de roupa para mozos



Marisa Sánchez e Montse Novo na súa tenda

A idea de montar unha tenda de roupa para xente moza xa rondaba na cabeza de Marisa Sánchez e Montse Novo. O factor crucial foi o feito de que Marisa estivera buscando un traballo que lle permitira compatibilizar a vida laboral coa familiar.

A súa decisión fíxose realidade en El Baúl de la Piquer, un establecemento ubicado en pleno centro de Melide, que

ofrece moda para o público máis moderno, no que os clientes poden mirar as prendas tranquilamente.

Un novo establecemento cun nome curioso, que xurde do dito popular 'teño máis roupa que o baúl da Piquer'.

Pasado un mes dende a apertura, o 4 de xuño, Marisa e Montse están satisfeitas cos resultados obtidos e agardan que o negocio se consolide.



Comeza o arranxo da AC-840

A delegada provincial visita as obras, que rematarán no mes de xullo

A comezos de mes iniciáronse as obras de mellora da estrada AC-840 ao seu paso por Melide, no tramo que vai dende Priorada ata o campo de fútbol municipal. Os traballos consisten na reposición do pavimento e a colocación de nova sinalización e pintado.

O orzamento das obras é de case 180.000 euros e foron adjudicadas á firma local Leonardo Miguélez. Os traballos teñen previsto o seu remate a mediados de xullo.

O arranxo desta vía era unha vella demanda veciñal, como indicou a alcaldesa melidense,



As obras comezaron a principios do mes de xullo

Ánxeles Vázquez, quen recentemente acompañou á delegada provincial da Xunta, Belén do Campo, nunha visita ás obras.

Precisamente, fora o anterior goberno bipartito o que solicitara en varias ocasións a reparación deste tramo da estrada, que se atopaba en mal

estado, con numerosos baches e coas marcas viais case borradas. Dende o anterior goberno enviaron un informe da Policía Local xunto cun dossier con fotos para reclamar o urxente arranxo da vía, xa que o seu estado supoñía un risco para a seguridade vial, como tamén confirmou a nova rexedora.

Recuperan as medallas de Melide para o ano que vén



Momento da procesión de San Pedro

O novo equipo de goberno anunciou que recuperará a entrega das medallas de Melide no día do San Pedro a partir do vindeiro ano.

Segundo indicaron, esta é “a máxima condecoración institucional que pode outorgar o Concello de Melide”, que recoñece “a traxectoria profesional e as actividades que levan o nome de Melide máis aló das

nosas fronteiras”.

A iniciativa, que foi eliminada polo goberno bipartito, recoñeceu a varias institucións e empresas da vila, como Protección Civil, Cáritas, a Cooperativa Melisanto ou Autos Puntero.

Para o día do San Pedro tamén se recuperará o recital da Banda de Melide na Praza do Convento.

Psicotécnico Santa Ana



Canton de San Roque, 9-1ºD

Tfno. y fax 981 50 50 75

Melide (A Coruña)



Al hacer el psicotécnico le tramitamos la renovación de su carnet ante la jefatura de tráfico

GRATIS

Certificados Psicotécnicos:

- Conducir
- Armas
- Guardia forestal
- Seguridad privada
- Perros peligrosos
- Buceo y otros
- Chequeos médicos
- Certificados médicos
- Medicina en general

Acondicionan “de urxencia” as piscinas de Furelos para abrilas ao baño en xullo

Tiñan “serias deficiencias” nos mecanismos de funcionamento e desaugue

O departamento de Obras do Concello de Melide concluíu os traballos de acondicionamento “urxente” das piscinas descubertas da área recreativa de Furelos.

Segundo explicaron dende o novo executivo, os traballos iniciáronse co desbroce e limpeza nas beiras do río para continuar coa posta a punto das piscinas municipais, que contaban “con serias deficiencias” nos mecanismos de funcionamento e desaugue. Aseguraron que, de non rectificarse estes problemas, as piscinas terían que estar pechadas durante o verán.

Os traballos que se acomete-



As piscinas están abertas dende o 1 de xullo

ron para subsanar estes defectos comprenderon a substitución de tubos e a reparación das perdas de auga, ademais de diversas operacións de mantemento.

Estes problemas xa foran detectados o verán pasado, trala reparación completa das dúas piscinas, acometida polo goberno bipartito para adaptalas á nova normativa.

Dende o equipo de goberno prevén que as dúas piscinas poidan estar abertas ao público no mes de xullo, previa autorización da Consellería de Sanidade.

Para as tarefas de vixilancia na tempada estival, o Concello de Melide contará con dous socorristas, un subvencionado pola Xunta e outro pola Deputación da Coruña.

Emprendedores en Melide

ElectroSan revoluciona as vendas de electrodomésticos



Mary e Manuel Sánchez na súa tenda da rúa Martagona

“As mellores marcas ós mellores prezos”. Así se presenta ElectroSan, unha tenda de electrodomésticos e obxectos de descanso que abriu as súas portas durante a pasada Semana Santa en Melide. Os propietarios, Mary e Manuel Sánchez, amósanse moi contentos coa “boa marcha” que está a ter o novo comercio nestes primeiros meses de vida e agradecen a boa acollida por parte dos seus clientes.

Traballan todo tipo de elec-

trodomésticos e teñen tamén unha sección de oportunidades. Ademais, ofrecen servizo técnico. A súa política comercial baséase en ofrecer produtos de calidade, a bos prezos, xunto cun bo servizo e unha atención personalizada ao cliente.

Non están asociados a ningunha cadea porque cren máis interesante para os clientes o poder ofrecerlle diversas marcas e así poder competir mellor en calidade e prezo.

ELECTROSAN

GRANDES OFERTAS EN ELECTRODOMÉSTICOS

320€

Lavadora ZANUSSI
7 KG. - 1200 RPM

245€

Lavadora ASPES
(Grupo FAGOR)
6 KG. - 1000 RPM

También Zona Oportunidades

hasta 12 meses SIN INTERESES

VISITENOS:
C/ Martagona, nº 13 - **MELIDE**
Telf. **981 507 964** - manusanv@gmail.com

Busca y compara

Y para que descanses...

hasta 12 meses SIN INTERESES

GRAN OFERTA APERTURA

430€

Canapé + Colchón muelles + Visco + Almohada

299€

Colchón muelles + Visco + Base tapizada + Almohada

120€

Colchón ORTOPÉDICO con lana (opcional) tratamiento antiácaros

145€

Colchón VISCOELÁSTICO sin muelles tratamiento antiácaros

Viscoelástico

- Latex
- Eliocel
- Muelles
- Canapes
- Somieres

Colchones directos de fábrica

FESTAS DO CARME

Todo preparado para a festa máis íntima e relixiosa

Se as festas do San Roque son as máis populares de Melide, as do Carme son as que contan con máis tradición. Celébranse dende hai moitísimos anos o 16 e 17 de xullo, e son moi especiais para moitos veciños da localidade.

As celebracións teñen un marcado carácter relixioso. A novena, que se celebra este ano dende o día 7, congrega a multitude de devotos desta Virxe, patrona dos mariñeiros. Tamén son un bo número as persoas que asisten á procesión, moitas delas descalzas e con velas en gratitude á Virxe.

As festas están organizadas pola Cofradía do Carme, que conta con máis de 1.000 cofrades. Dende a directiva -compuesta por Cesarina, Carmen, Celsa, Gema, Conchi, Luisa, Mercedes, Pila Leiva, Pila de Puntero, Ángeles, Isabel, Luis, Ramón e Manolo- traballan arreo os meses previos á festa para ter tódolos detalles a punto.

Este ano teñen que facer un maior esforzo económico, xa que ó coincidir os días propios



Foto de familia dos membros da Cofradía do Carme

en fin de semana, encarácese os prezos das orquestras e bandas contratadas. As aportacións dos cofrades -10 euros cada un- ademais da partida que asigna o concello e as aportacións de particulares e empresas de distintos ramos, son os recursos cos que conta a cofradía para financiar a festa. Precisamente, dende a directiva queren agradecer a colaboración de tódalas persoas que contribúen para que se poidan celebrar tódolos

actos programados.

Ademais, anuncian que na próxima reunión do grupo falarán do importe da cuota dos cofrades, posto que se mantén na mesma cantidade dende hai 11 anos, ó contrario que o importe das festas, que vai ascendendo conforme avanza o tempo.

Os cofrades agardan que o bo tempo acompañe tódalas celebracións e que os melideneses gocen de tódolos actos programados.

Festas do Carme **MELIDE**
16 e 17 XULLO 2011

ACTOS RELIXIOSOS:
NOVENA: COMENZA O DÍA 7 - HORA: 8 DA MAÑÁ E 9 DO SERÁN.
DÍA 15: 8:30 H. DO SERÁN: PROCESIÓN DO TRASLADO Á CAPELA ACOMPAÑADA POLO GRUPO DE GAITAS AXOIXE.
DÍA 16: MISAS REZADAS ÁS 8, 9, 10 E 11. ÁS 12:30 MISA SOLEMNE CANTADA POLA BANDA DE MÚSICA DE CELANOVA E O GRUPO DE GAITAS AXOIXE, SEGUIDAMENTE PROCESIÓN COA CITADA BANDA E O GRUPO DE GAITAS. MISA ÁS 9 DO SERÁN.
DÍA 17: MISA REZADA ÁS 10. ÁS 12 MISA SOLEMNE DOS COFRADES DIFUNTOS. ÁS 8 DO SERÁN MISA SOLEMNE CANTADA POLO GRUPO DA CATEQUESE PARROQUIAL DE MELIDE, SEGUIDA DE PROCESIÓN COA BANDA DE PONTELEDESMA.

DENDE ÁS 10:30 DO SERÁN VERBENA CON ORQUESTAS: **LOS ESPAÑOLES TROCO - TROVADORES PRINCIPAL - SUSO DE BOENTE**

ÁS 2:30 DA TARDE E ÁS 11 DO SERÁN ACTUACIÓN DAS BANDAS: **CELANOVA - PONTELEDESMA**

ezequiel
eventos privados
Excelentes menúes
regados con viños locais
15800 MELIDE (A Coruña)
Tfno.: 981 50 52 91 - 686 58 33 78

Casa SANTOS
Queixos do país
Avenida de Lugo, 8.
santos@melide.net **MELIDE**

Manuel Roberto Veiga Guerra
Tfno.: 689 652 272
Yolanda Sánchez Prado
Tfno.: 679 855 145
Panadería Veiga
Tfno.: 981 516 061 - BOIMORTO (A Coruña)

Herboristería CHUS
Centro de dietética e nutrición
M^a. Jesús Conde Chorén
Tfno.: 981 50 56 24
chusherboristeria@hotmail.com
Rúa Camiño de Ovedo, 15
15800 MELIDE (A Coruña)

SITO
MIL IDEAS EN ESCAYOLA
Ronda de Pontevedra, 75
981 505 951 - 650 713 063
MELIDE - A Coruña
ISOVER
Solucións en aislamiento
KNAUF
Solucións de interior

Breogas, S.L.
Agencia distribuidora de Regsol Butano. Tfno. de pedidos: 981 505 070
Servicio Oficial. Tfno. de averías: 901 121 212
Instalacións de gas
Venta y reparación de Gasodomésticos
Ronda Coruña, 50
15800 MELIDE

Santiso dá a benvida ó novo goberno tripartito con pintadas no Concello e tala de árbores

Numerosos veciños apoiaron ó executivo entrante na toma de posesión

A chegada ó poder do novo goberno tripartito de Santiso veu acompañada de varios feitos que sorprenderon a toda a veciñanza.

Unhas controvertidas pintadas apareceron na fachada da casa consistorial. “Os veciños non queremos tripartito. Etarras”, rezaba o texto que, pasado case un mes, aínda pode verse no edificio municipal. Preto do colexio de Visantofía apareceu outra pintada na que se lía “Os cidadanos queremos progreso e non retroceso. Chupatintas. ¿Trío?”.

Máis estes non foron os únicos actos vandálicos rexistrados en Santiso, xa que varias árbores do entorno da piscina de Visantofía apareceron cor-



Momento do discurso de Suárez ante os socios de goberno

tadas pola metade do tronco.

O novo goberno, composto por unha coalición entre BNG, PSOE e Independentes por Santiso (IS), formulou a correspondente denuncia ante a Garda Civil, que será o corpo encargado da investigación para despexar a autoría destes reprobables feitos.

A formación do grupo de goberno non estivo exenta de polémica dende un principio. Tanto é así, que dende os tres

partidos que integran o novo executivo denunciaron publicamente a existencia de presións, ameazas e mesmo intentos de soborno co fin de evitar a formación deste goberno de coalición a tres.

Pese a tódolos impedimentos, o pacto prosperou e foron moitas as persoas que o pasado 11 de xuño asistiron ó salón de plenos do Concello de Santiso para apoiar a investidura do novo alcalde e do



Pintadas na fachada da Casa do Concello de Santiso

grupo de goberno, aínda que a sesión foi convocada para as 9.30 horas.

Organización do goberno

O grupo de goberno, formado por cinco concelleiros -dous do BNG, dous do PSOE e un de IS- aprobou recentemente a organización do executivo. As únicas áreas asignadas a un edil concreto serán Servizos Sociais, ó cargo dos que estará a primeira tenente de alcalde,

Mari Carmen Curros (IS), e Administración, que levará o segundo tenente de alcalde, Manuel Adán (BNG).

Segundo confirmou o actual alcalde, Fernando Suárez (PSOE), as actuacións de tódalas áreas serán plantexadas e aprobadas na Xunta de Goberno Local.

Tanto Suárez como Adán terán dedicación exclusiva completa, mentres que Curros terá media dedicación.

Populares e independentes reparten alcaldía, tenencias e áreas de goberno en Toques

Calvo será o rexedor na primeira metade da lexislatura e Castro os dous últimos anos

As incógnitas que ata a última hora se plantexaron sobre a formación do novo goberno en Toques, quedaron despexadas o pasado día 11 de xuño, o día da toma de posesión. O executivo quedou composto polo PP e o partido independente Xuntos Cara o Progreso de Toques.

O pacto de goberno asinado entre as dúas formacións reparte a alcaldía, as tenencias de alcaldía -fixa tres- e as áreas de goberno. O bastón de mando será para Jorge Calvo



Arturo Penas e Jorge Calvo (PP)

(PP) durante a primeira parte da lexislatura, mentres que José Antonio Castro (XCPT) será o alcalde nos dous últimos anos.

Castro, que agora é primeiro tenente de alcalde, cederá este posto a Calvo, cando colla o bastón de mando.

A segunda tenencia de alcaldía é para o segundo na lista dos populares, Arturo Penas, que pasará a ser terceiro tenente os dous últimos anos. Deste xeito, intercambia a praza con Mónica Penas, que ocupaba o segundo posto na candidatura independente.



Mónica Penas e José Antonio Castro (XCPT)

Precisamente son os segundos de cada partido os que dispoñen de media dedicación exclusiva.

Reparto áreas de goberno

As dúas formacións repartiron as áreas de goberno que xestionarán e que tamén inter-

cambiarán na metade da lexislatura.

O PP xestiona Obras, Turismo e outras áreas por determinar, mentres que XCPT leva Cultura, Educación e Deportes, Benestar, Medio Rural e Sanidade, segundo confirmaron dende o Concello.



IMPRESINDIBLES DEL PEREGRINO



MELIDE

CASA DE LOS SOMOZA
TURISMO RURAL



CASA DE LOS SOMOZA

Tfno./fax: 981 50 73 72 • Móvil: 687 59 20 90
Coto - Leborio - MELIDE (A Coruña)

MESÓN O TOXO



Rúa Codeseiro, 45 - 15800 MELIDE (A Coruña) - Tfno.: 981 50 63 73

HOTEL Restaurante Xaneiro

PX **HX**

Pensión Xaneiro, s.l. Hotel Xaneiro, s.l.
Tel: 981 50 50 15 Tel: 981 50 61 40 - Fax: 981 50 71 99
San Pedro, 22 - Melide Avda. de la Habana, 43 - Melide

HABITACIONES CON BAÑO Y TV • CANTINA • AIRE ACONDICIONADO
RESTAURANTE • BAR • PARRILLADA • COCINA (por encargo)
COP • ACCESO A INTERNET • WIFI • DE LAS SABELLONES

www.xaneiro.com hotelxaneiro@xaneiro.es

50º ANIVERSARIO
Pulpería EZEQUIEL
e hijos



Tfno./Fax: 981 50 52 91
Móvil: 886 58 33 78
Ctra. de Lugo, 48
15800 MELIDE (A Coruña)

Por nuestros clientes y calidad nos conocen en todo el mundo

Cafetería IVORY



DESAYUNOS - TAPAS - RACIONES

Tfno.: 981 50 70 06
Cantón de San Roque, 1 15800 MELIDE (A Coruña)

RESTAURANTE - PULPERIA Alongos II



Especialidade en cocido galego tradicional desde 1952

PIRRE VI BERRICIAU A PIRRELLA
PLATO - HACIENDA - COCIDO (por encargo)
CARNE DE BOLA A PEDRA

Avda de Lugo, 22
MELIDE (A Coruña) Tel: 981 50 75 18
Móvil: 619 39 00 99

Albergue Turístico O Apalpador



O Apalpador

Rúa San Antonio, 23
13000 MELIDE (A Coruña)

Tfno. reservas:
879 937 989
(por agenda, Fax 016)

albergueoapalpador@hotmail.com
www.albergueoapalpador.com

Pulpería A GARNACHA



A GARNACHA

Mov: 605 883 268
Camiño Vello de Santiago, 2 - Melide (A Coruña)
e-mail: garnachamelide@gmail.com

Yo he dejado mi huella en Melide y en Pulpería "A GARNACHA" me acuerdo de ti

CAFETERIA CHAPLIN



25 ANIVERSARIO
1986 - 2011

ARZÚA

mesón restaurante VENUS



Teléfono 981 500 583
Móvil 629 509 152
Fax 981 501 012

15810 Arzúa (A Coruña)
E-mail: venusarzu@hmail.com
www.venusarzu.com

Europa
Pulpería - Parrillada



Reservas
Comidas para llevar
tel. 679 70 76 19
tel. 639 409 226
tel. 981 938 872
Luis Seoane, 3
15810 - Arzúa (A Coruña)

www.parrilladaeuropa.com
parrilladaeuropa@gmail.com

PALAS DE REI

PENSION VILARIÑO



VILARIÑO


AVDA. COMPOSTELA, 16
PALAS DE REI (LUGO)

TEL.: 982 38 01 52
FAX: 982 38 09 73
pensionvilariño@gmail.com
www.pensionvilariño.es.tl

O alcalde de Sobrado será deputado na segunda metade de lexislatura

Comparte a acta no organismo provincial coa ex alcaldesa de Betanzos

O alcalde de Sobrado dos Monxes, Jacobo Fernández, ocupará acta de deputado na Coruña polo partido xudicial de Betanzos. Fernández estará na Deputación durante a segunda metade da lexislatura, xa que a organización provincial do Partido Popular acordou que a súa praza sexa compartida, unha decisión que causou sorpresa, pois o habitual é que os deputados provinciais ocupen o seu cargo durante os catro anos de lexislatura. Os primeiros dous anos estará nesta praza a ex alcaldesa de Betanzos, María Farello.



A corporación municipal de Sobrado ao completo

Cuarto mandato

O que comezou o 11 de xuño, coa toma de posesión de toda a corporación municipal, supón o cuarto mandato consecutivo para o popular Jacobo Fernández.

O goberno xa aprobou no pleno organizativo a continuidade da dedicación exclusiva para o alcalde, que xestiona a

maior parte das áreas. Como noutros municipios, non existen concelleiros adicados a áreas exclusivas, senón que os acordos sobre as actuacións municipais se toman na Xunta de Goberno Local.

A de Sobrado é a única corporación dos catro concellos da comarca que está integrada totalmente por homes.

FOTO-DENUNCIA

A vía que une Melide e Toques precisa un arranxo urgente



Reducir a velocidade a 10 quilómetros hora e sortear os baches dun lado a outro do vial. Iso é o que teñen que facer os veciños de distintas parroquias de Toques cando se achegan ata o casco urbano de Melide pola estrada que desenvoca na rúa Martagona.

Como se pode ver na imaxe,

o asfalto é totalmente inexistente nun amplo tramo, polo que os coches teñen que rodar por riba de pedras. O tráfico deste vial non é menor, xa que ademais de por veciños de Toques, é usado por persoas de varias aldeas de Friol. Os usuarios piden o arranxo da estrada de maneira inmediata.

Medio cento de veciños de Toques visitaron o sur de Galicia e Portugal

Estiveron nas vilas de Baiona, Tui, A Guarda e na portuguesa de Valenç

Preto de cincuenta veciños de Toques deron a benvinda ó verán cunha excursión que os levou polo sur da provincia de Pontevedra e por terras do norte de Portugal.

A expedición, organizada polo Concello, partiu de Toques o 28 de xuño. A primeira para foi na vila pontevedresa de Combarro, famosa polos seus hórreos á beira do mar.

Seguindo a súa ruta cara á fronteira portuguesa, pararon en Baiona e en Tui, onde visitaron a súa catedral. Subiron ó castro de Santa Tegra, dende onde se contemplan unhas fermosas vistas da desembocadura do río Miño. A segunda xornada transcorreu en Valenç, onde os toqueses puideron mercar variados artigos no tradicional mercado desta vila portuguesa.



Foto de familia na cidade portuguesa de Valenç



Os toqueses tamén visitaron a localidade de Baiona

Sobrado estrea rede de Internet para todo o rural



Javier Mouriño (dereita) na presentación da rede en Sobrado

A empresa melidense Intermax é a responsable de levar Internet de banda longa ó rural do concello de Sobrado. Este ambicioso proxecto presentouse o pasado 22 de xuño no consistorio sobradino, coa presenza do alcalde, Jacobo Fernández, e o responsable de Intermax, Javier Mouriño.

A rede inalámbrica permite o acceso a Internet, entre outros servizos, cunha conexión de 100 megas. Este sistema, deseñado especialmente para dar servizo ás zonas rurais, que habitualmente teñen problemas para ter cobertura de banda longa, está sendo pro-

bado en catro concellos galegos. "Empregamos equipos de última xeración que posibilitan conexións de 100 megas", destacou Mouriño.

Pola súa banda, o rexedor de Sobrado, agradeceu o esforzo da firma melidense para chegar a banda longa ó rural. "É unha demanda que nos levaban facendo dende hai tempo os veciños", indicou.

Recentemente, Intermax culminou a instalación das súas antenas emisoras, polo que dá cobertura de Internet a tódolos concellos galegos do Camiño de Santiago, dende Pedrafita ata Compostela.

A cooperativa Milhulloa acolle as celebracións do Día Internacional do Cooperativismo en Galicia

A cooperativa Milhulloa de Palas de Rei, foi a anfitriona o pasado 2 de xullo dos actos de celebración do Día Internacional do Cooperativismo, organizado polo Consello Galego de Cooperativas.

Nesta ocasión, o lema baixo o que se celebrou a xornada -que reuniu a preto de 500 persoas durante todo o día- foi 'A xuventude, o futuro da empresa cooperativa'. O director xeral de Relacións Laborais da Xunta, Odilo Martiñá, destacou o valor das cooperativas como fórmula de saída laboral para a xente máis nova.

Dende a cooperativa Milhulloa -integrada por Carmela Valiño, Chus Expósito e Anxos Orgueira- valoraron esta xornada como "un bo momento de encontro coa xente que traballamos en cooperativas", que serviu para pór coñecementos e experiencias en común. Dende a cooperativa destacaron "o toque cómico que tivo a xornada, que a fixo moi amena".

Entrega de premios

Durante os actos matutinos fíxose a entrega de premios a varios proxectos cooperativos. A cooperativa Frugal, de Cu-



Participaron integrantes de cooperativas de toda Galicia



Socios da cooperativa Frugal recollen o premio

lledro, adicada a cultivos hortícolas levou o premio de Valores Cooperativos. Zero-Pro, do Porriño, recibiu o premio ao Mellor Proxecto Cooperativo e un dos fundado-

res da cooperativa de produción leiteira Santa Mariña de Loureiro do Irixo, Antonio González, recolleu o galardón á Promoción do Cooperativismo na comunidade.



A entrega de premios completouse cunha actuación dun mago



Anxos Orgueira e Carmela Valiño, dúas das socias de Milhulloa

Milhulloa

A cooperativa Milhulloa adícase ó cultivo ecolóxico, transformación e comercialización de plantas medicinais e hortalizas.

Ten recibido varios recoñecementos, entre os que destaca o 1º Premio de Excelencia á Innovación para Mulleres Rurais do 2010, do Ministerio de Medio Rural.

Casa Alongos organizou a II cata anual de viños ecolóxicos e de adegueiro

A cita contou coas creacións gastronómicas de Mónica Novás e Celia Casares

Por segundo ano consecutivo, a distribuidora de produtos ecolóxicos Casa Alongos organizou unha cata de viños ecolóxicos e de colleiteiro, na que se presentaron oito viños con certificación, dous deles galegos.

Á sesión, celebrada o 6 de xuño, asistiron numerosas persoas interesadas no mundo da viticultura e que se iniciaron no mundo da cata atendendo ás explicacións ofrecidas polos enólogos Benito Otero e Roberto Regal. Os expertos falan sobre o



Momento da sesión de cata celebrada na Casa Alongos

avance nas colleitas de viños ecolóxicos en Galicia.

O evento, presentado baixo o epígrafe de 'Vinos y sentidos' -unha idea orixinal de Concha Casares e Francisco Lúgrís, que marida viños, cociña e música- completouse coa cociña ecolóxica da creadora Mónica Novás, que preparou tapas como sushi de grelos ou

crema de garabanzos con sésamo ou tofu. A estes pratos uniuse o pulpo á grella con queixo Arzúa-Ulloa que elaborou Celia Casares, da Pulpería Alongos II de Melide, para a I ruta 'Melide de Tapas'.

A artista multidisciplinar Rebeca Ponte -Cardigan Bridge-, afincada en Melide, puxo o broche musical.

Fin de curso das escolas deportivas de Toques



Momento da exhibición do grupo de karate

Os alumnos das escolas deportivas de karate, patinaxe, fútbol sala e ximnasia de mantemento do concello de Toques celebraron hai uns días o festival de peche do curso 2010-2011.

Unhas 150 persoas reuníronse no pavillón polideportivo da localidade para

presenciar a exhibición que fixeron os alumnos de cada disciplina. Os participantes nas escolas deportivas recibiron un diploma, e tamén levaron premios e agasallos variados.

O mago Dani foi o encargado do fin de festa, ofrecendo un espectáculo de ilusión e imaxinación.

A Escola Ayude pecha a tempada nunha cea de gala

Reuníronse adestradores, alumnos, pais e representantes das federacións

O preparador Adolfo Prieto recibiu un recoñecemento á súa labor



Adolfo Prieto con parte dos alumnos que entrena na Escola Ayude



O loitador Alexandre Freire

A Escola Ayude de Melide pechou a tempada deportiva celebrando unha cea de gala na que se reuniron os directivos do clube, alumnos, pais e os representantes das dúas federacións nas que compiten os deportistas do centro, Cipriano Gómez, da Federación Galega de Kick-boxing e

Ramón García, da Federación Galega de Loita.

Na xuntanza, celebrada o pasado 17 de xuño en Melide, festexouse o excelente curso que levaron a cabo os deportistas da escola, que acadaron numerosos títulos. Entre eles destacan o primeiro posto no torneo nacional de kick-bo-

xing, a liga galega de loitas olímpicas en idade escolar e a I Copa Deputación da Coruña de kick-boxing. A todo isto hai que sumar numerosas medallas de ouro, prata e bronce que acadaron moitos dos membros da escola a título individual.

As dúas federacións deporti-

vas tamén recoñeceron a labor da escola melidense como promotora das disciplinas deportivas que imparte, tanto na faceta de ensinanza como no ámbito das competicións.

O adestrador Adolfo Prieto tamén recibiu un recoñecemento á súa labor como un dos técnicos consagrados no

clube melidense.

Convocatoria coa selección

O deportista Alexandre Freire foi convocado para unha concentración da selección española de loita grecorromana, previa á confección do equipo para representar a España nos compromisos internacionais.

As alfombras de Corpus luciron un ano máis

Melide mantén viva a tradición do Corpus. Despois de recuperar as vistosas alfombras florais na Praza do Convento, hai varios anos, os festexos convocan cada vez a máis xente e este ano foron moitos os fieis que participaron na misa e procesión.

Unha alfombra de grandes dimensións cubría a praza, na que se instalou un altar especial deseñado para a ocasión por Xosé Manuel Broz, director do Museo Terra de Melide. Tamén se confeccionaron tapices florais para as rúas do Convento e Camiño de Ovedo. Na confección participaron varias asociacións e particulares.



A procesión de Corpus foi seguida por numerosos fieis

O Cire ascende á segunda



O Cire de Melide xa é equipo de segunda rexional. O equipo culminou a boa tempada na terceira autonómica co merecido ascenso. Agora, xogado-

res, corpo técnico e directiva esperan que o clube se consolide nesta categoría, polo que xa pensan na fixache de reforzos para o equipo.

MEDRA EN VERDE S. Coop. Galega

Solucións agrícolas, gandeiras, forestais e medioambientais
Servizos técnicos de enxeñería, consultoría e formación
Ocio e lecer, granxa escola e campamentos de verán

ESCOLA DE AGRICULTURA ECOLÓXICA Vilasantar - A CORUÑA Tfn: 981.777.461
www.medraenverde.com

TESLA Enxeñaría e Proxectos

PREZA O SEU PRESUPUESTO SEN COMPROMISO

- Locais Comerciais e Licenzas de Actividade
- Instalacións Eléctricas e de Iluminación
- Instalacións de Ventilación e Climatización
- Proxectos de Eficiencia Enerxética
- Estudos de Impacto Ambiental
- Xestión de Trámites e Subvencións
- Consultoría Técnica en Calidade, Medioambiente e Prevención de Riscos
- Fichas Técnicas de Vehículos de Importación

Isabel Costaya Vázquez. C/alg. 2928 Tlf: 670.463.603 e-mail: icv2928@caeticor.net
Alberto Blanco Penas. C/alg. 3165 Tlf: 699.993.851 e-mail: albp3165@caeticor.net

ENXEÑEROS TÉCNICOS INDUSTRIAIS - SANTIAGO DE COMPOSTELA - MELIDE

FESTA DO SAN CRISTÓBAL

Os transportistas celebran o San Cristóbal

O sábado 9 de xullo, os transportistas e condutores de Melide volverán honrar ó seu patrón, o San Cristóbal.

Esta festa, que conta con grande tradición na vila, celébrase este ano en sábado e non en domingo, xa que a comisión decidiu cambiar para os sábados a data de celebración.

A comisión organizadora vai rotando cada ano e nesta ocasión son Manuel Agra, José Manuel Mosquera e Francisco Javier Varela os responsables da organización dos festexos.

Como é tradición, haberá a bendición dos coches no campo da feira e seguidamente desprazaranse ata a área recreativa de Furelos para gozar do xantar e a posterior verbena. A financiación da festa corre a cargo das aportacións de empresas relacionadas coa automoción, gasolineras e doutras firmas e particulares.

Dende a comisión agardan que os asistentes gocen dunha xornada agradable no contorno do río Furelos.



Integrantes da comisión organizadora da festa



Os camiós desfilan engalanados con flores

COMISIÓN DE FESTAS

San Cristóbal 2011

MELIDE

9 de Xullo do 2011

MISA SOLEMNE NO CAMPO DA FEIRA ÁS 13:30H.
DE SEGUIDO, COMIDA
E VERBENA NO RIO FURELOS.

ORQUESTA

ODISEA

E CHARANGA

OS AMIGOS DE VISANTOÑA

NEUMÁTICOS MELIDE
Servicio a domicilio 24 horas

GOODYEAR
DUNLOP
MICHELIN
BRIDGESTONE
Firestone

José Antonio Pampín Mosteiro
- O REI DA RODA -

Tfno.: 629 150 455
Tasmunich - San Cibrao

MELIDE (A Coruña)



Cafetería MARTA

Cantón de San Roque, 13 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Mosquera Nieto
630 548 975



JOSE ANTONIO VAZQUEZ MATO
espectaculostony@gmail.com

ESPECTÁCULOS TONY

c/ Taboada Roca nº8 bajo - 15800 Melide - A CORUÑA
Tfno./Fax: 981 507 882 - Móvil: 672 659 795

Nexus celebra o quinto aniversario



Xoán posa acompañado de Natalia e Enea



Varias gogós animaron a festa de celebración do aniversario



O pub Nexus de Melide, propiedade de Xoán García Montero e Jesús García Sánchez, celebrou o pasado 4 de xuño o seu quinto aniversario. Numeroso público asistiu á celebración, que contou cun servizo especial de coctelería, animación a cargo de gogós e co reparto de agasallos. Na cabina estiveron poñendo a música máis actual os djs Miguel Picón, Suso, Álvaro Veiga e David.

Xoán, natural de Touro, comezou a súa andadura no sector da hostelería traballando

nas cafeterías Pinocho e Cire, en Melide. Conforme foi adquirindo experiencia decidiu montar o seu propio negocio. Despois de dous anos da inauguración do Nexus, e seguindo coa súa progresión no sector, fíxose cargo do pub Mistik, que celebrará o seu aniversario o próximo ventres 15 de xullo.

A vida de Xoán enténdese ligada á hostelería, xa que tamén traballa como comercial na empresa Eruom Viños, de Santiago. E hai un ano, abriu un novo pub na localidade de Pontecarreira.

A pesar da crise, Xoán ve o futuro con moita ilusión, xa que asegura que Melide segue a ser unha referencia do ambiente nocturno nas fins de semana.

Aniversario Mistik

O venres 15 de xullo, o pub Mistik celebrará a festa de aniversario. Haberá gogós, agasallos e unha exhibición do campeón galego de coctelería acrobática.


Model cumple o seu primeiro ano



Juan Manuel Barcia e Fernando Rey



Modell xa é un referente na movida de Melide



O pub Modell de Melide celebrou o seu primeiro ano de vida. O primeiro aniversario da apertura dun negocio sempre é especial, por iso os propietarios do local, Juan Manuel Barcia Montero e Fernando Rey Orois, botaron a casa pola ventana e programaron unha fin de semana completa de festa.

Os días 1 e 2 de xullo, o local encheuse de persoas que celebraron o aniversario coa música máis actual. Encargados de poñela estiveron Dj Iván, o

picadiscos residente, que estivo acompañado por Dj Sonic. Ademais, houbo azafatas, gogós e repartíronse numerosos agasallos directos entre os clientes, entre os que cabe destacar o sorteo dunha viaxe para dúas persoas a Palma de Mallorca.

Valoración

Juan Manuel e Fernando están moi contentos coa acoillida que tivo o local dende o primeiro día que o abriron. Despois dun ano xa contan cunha clientela fiel e teñen posta moita ilusión e empeño en que Modell se convirte nun dos locais insignia da movida melidense.

A traxectoria de Modell comezou hai un ano, cando os seus actuais propietarios decidiron facerse cargo do local, que xa funcionaba baixo a dirección doutras persoas. Acometeron unha profunda reforma nel e déronlle unha nova orientación ao seu funcionamento, co que conseguiron atraer máis clientela.

Os troiteiros de Melide colaborarán no proxecto 'Aventuras nas terras dos Ulloa'

Uns 150 rapaces participarán nas actividades previstas para xullo e agosto

A Asociación de Troiteiros 'Río Furelos' de Melide colaborará na organización de actividades para os máis de 150 rapaces de toda Galicia que participarán no proxecto 'Aventuras nas terras dos Ulloa'. Esta iniciativa achegaraos a terras melidenesas ao longo do mes de xullo e na primeira quincena do mes de agosto.

Segundo informaron dende o colectivo de troiteiros, os responsables deste proxecto, que se enmarca na campaña de campamentos da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, puxéronse en contacto con eles para solicitar a súa colaboración. Deste xeito, os troiteiros programaron ac-



A asociación de troiteiros colabora en actividades con cativos

tividades -dispostas en dous días- para cada unha das tres quendas de campamentos. No primeiro día ensinaránlle aos mozos a montar diferentes artes de pesca e a segunda xornada estará adicada ao sendeirismo á beira do río.

O presidente do colectivo, Xavier Pazo, indicou que amosarán aos participantes aspec-

tos relacionados co medio fluvial e coa súa conservación, tentando sensibilizalos sobre o respecto e a protección do medio, ademais de promover a pesca fluvial como un elemento de ocio compatible co respecto ao medio ambiente. Os troiteiros agardan que os participantes saquen proveito das actividades programadas.

Charamela organiza o II Encontro Interxeracional



Exposición de libros antigos na primeira edición do encontro

A asociación cultural Charamela de Melide traballa na organización do II Encontro Interxeracional 'O abrazo das idades', que se celebrará o 14 de agosto.

O espírito deste evento é poñer en valor a colaboración, traballo e entretemento entre persoas de distintas idades, sobre todo entre o máis novos e os maiores.

Para ese día, o colectivo pre-

para unha exposición de artesanía en barro, pedra, coiro ou madeira, de persoas chegadas de toda a comarca.

Manterase o concurso de relatos curtos que tanto éxito acadara na edición pasada, así como a mostra de xogos de tódolos tempos.

O grupo de teatro Charamela poñerá en escea unha obra de teatro, que xa comezaron a ensaiar.

PROGRAMACIÓN XULLO 2011
A FUNDACIÓN BOWLING

MELIDE  **OCIO**

AGADIC   **MELIDE • OCIO**

1 XULLO • !GRANDISISISIMA! APERTURA DA TERRAZA
 CONVIDAMOS A UNHA CERVEZA RESERVA, 1.90€ OU SANGRÍA
 DISFRUTA DA NOSA NOVA CARTA CON AGASALLOS

8 XULLO • COCTELERO PROFESIONAL
 FARÁ OS COMBINADOS MÁIS SORPRENDENTES PARA QUE ALLUCINEDES

11 XULLO • 23:30 H
PETA ZETA TOP
 BANDA TRIBUTO ZZ TOP

PROGRAMACIÓN TERRAZA
VIÑES 22. XORNADAS DO CÓCTEL E GIN TONIC SCHWEPPES PREMIUM
 HOXE MARTIN MILLER CON SCHWEPPES PIMIENTA ROSA E CÓCTEL CAIPIROSKA
 CON AGASALLOS ENGADIDOS POR CADA CONSUMIÇÃO PREMIUM

VIÑES 29. XORNADA DO MOJITO E DO GIN TONIC CITADELLE
 CON P. ORIGINAL INDIA

PROGRAMACIÓN BOWLING
 • POR 2800 PTOS. ATA FIN DE MES ORDENADOR PORTÁTIL
 • FAI PLENO CO BOLO VERMELLO EN PRIMEIRA POSIÇÃO E LEVA UN AGASALLO DIRECTO (AVISAR AO CAMAREIRO ANTES DE TIRAR)

PROGRAMACIÓN DARDOS
 • TORNEO VERÁN PARELLAS

ALUGAMOS A TERRAZA PARA FESTAS E CUMPLEANOS



A boa Viña e Q+? acollerán sendas degustacións de cócteles en xullo



Alberto Buján coa carta de combinados



Momento dunha exhibición de José Cruz

A boa Viña e o pub Q+? de Melide -propiedade de Alberto Buján- acollerán a comezos do mes de xullo sendas degustacións de cócteles.

A primeira delas celebrárase o día 9, sábado, en A boa Viña. O barman acrobático José Cruz deleitará ao público co

seu espectáculo preparando os mellores cócteles con ginebra Premium, a partir das 23.00 horas.

O venres 15 de xullo será a data na que o pub Q+? acollerá a degustación de cócteles preparados polo actual campión galego de coctelería,

Juan Manuel Díaz Santos. Ao igual que no local da Zona dos Viños, o pub tamén ten unha carta de gin tonics especiais.

Alberto Buján decidiuse a apostar pola coctelería como unha iniciativa novidosa e que está a ter moito éxito nos últimos tempos.

A Sala 600 continúa coa súa activa programación



David Amor e El Gran Wyoming actuaron na Sala 600

Hai uns seis anos, a mítica Sala 600 de Melide tomaba unha nova orientación na súa programación de espectáculos. Dende aquela, o local programa unha media de 40 concertos en directo cada ano, dos cales 11 pertencen á Rede Galega de Música ao Vivo, unha programación que busca a consolidación dun circuío musical estable en Galicia.

A Sala 600 tamén está integrada na Asociación Galega de Salas de Concertos (ACCES).

Para Miguel Prado, propietario da sala, é importante pertencer a estas asociacións, xa que a unión dos profesionais do ramo fai que as súas

reivindicacións teñan moita máis forza.

Os mellores artistas

Pola Sala 600 pasaron os artistas máis recoñecidos do panorama actual, entre eles Triángulo de Amor Bizarro, Josele Santiago, Miguel Costas ou El Gran Wyoming. Luis Piedrahita, Javier Veiga e Carlos Blanco demostraron as súas dotes co humor.

Miguel sente gran satisfacción por poder programar actuacións en directo en Melide con artistas de gran nivel e que os melidenses poidan ver espectáculos de calidade sen ter que desprazarse ás cidades.

A Fundación engade a terraza á súa ampla oferta de ocio



A Fundación é un dos clásicos entre os locais melidenses. Comezou sendo unha cafetería e logo converteuse en cervexería. A sala de bowling supuxo un atractivo máis para que a clientela se achegara a este local, que dispón de varios atractivos para gozar do tempo de lecer.

Unha das cousas que diferencian á Fundación entre o sector hostaleiro melidense é a

súa variada programación de actuacións e espectáculos en directo, que habitualmente se celebran os venres pola noite, a partir das 23.30 horas. Polo seu escenario pasaron artistas como Pablo Bicho, Carlos Blanco, Ton Trovador, Lili Berlín ou Mofa e Befá.

Nestes meses de verán, A Fundación conta cunha terraza na que relaxarse e gozar do seu acolledor ambiente.

Praza da Herba, 10 - Zona dos Viños - MELIDE

A BOA VIÑA

SÁBADO 9 DE XULLO

DEGUSTACIÓN DE CÓCTELES

PREPARADOS POLO BARMAN

ACROBÁTICO JOSÉ CRUZ

A PARTIR DAS 23.00 H

Q+? MELIDE

VENRES 15 DE XULLO

DEGUSTACIÓN DE CÓCTELES

GIN TONIC ESPECIAIS

RESTAURANTE

Rúa do Convento, 7
15800 - MELIDE

Tlf: 981505326
restaurantecasaquinzan@gmail.com

Distribucións O Carrizo reúne ós mellores cortadores de xamón da actualidade en Melide

O andaluz Pedro Mora gaña o II concurso cun espectacular prato creativo

Expectación coa demostración de cociña en vivo da chef Celia Casares

Ducias de persoas achegáronse durante toda a xornada do 3 de xullo ao Pazo de Congresos de Melide onde se celebrou o II Concurso de Mestres Cortadores de Xamón, organizado pola firma Distribucións O Carrizo.

A mañá comezou forte, co propio concurso de cortadores de xamón. Raúl García, Julián Torres, Emilio Calo, Pedro Mora, Carlos Lorenzo e Marcos Martínez. Os sete participantes, todos eles galegos salvo o andaluz Pedro Mora, tiveron que despezar un xamón galego, de 8 quilos de peso, nun tempo máximo de dúas horas.

Conforme ía avanzando o tempo, o cortador de Chipiona íase posicionando como gañador. Sorprende a súa rapidez, así como a súa creatividade. Presentou un prato titulado 'La bella y la bestia', con dous pratos de xamón en cascada que xiraban sobre si mesmos, coroados por unha rosa branca -elaborada coa graxa do xamón- e iluminada por luces indirectas.

O xurado -compuesto por Nacho Costoya, bicampeón de España de maitres, José Ignacio Gómez, presidente da Federación Galega de Maitres, Marcos Míguez, gañador da primeira edición do certame, e o concelleiro de Comercio e Turismo, Santos López- valorou ademais do prato creativo a precisión dos concursantes ao presentar un prato de 100 gramos.

Éxito de convocatoria
Tódalas actividades progra-



Os sete cortadores levaron cadanseu diploma e os premiados figuras conmemorativas e cheques de 150, 100 e 50 euros



Pedro Mora, o gañador do concurso, monta o seu prato decorativo ante a atenta mirada de dous membros do xurado



A chef Celia Casares, da Pulpería Alongos II, explicou pormenorizadamente o proceso de elaboración dos seus pratos



Numerozo público seguiu a actuación da orquestra de saxos do Conservatorio de Redondela, dirixida por Elisa Arias



Moitas persoas animáronse a participar no curso de cata de viños para mellorar os seus coñecementos nesta área



Os nenos gozaron de variadas actividades, coma a escalada no rocódromo, hinchables ou coa actuación do Mago Polo

madras foron un éxito de convocatoria. Sorprende a cociña en vivo da chef Celia Casares, do Restaurante-Pulpería Alongos II de Melide, que elaborou para a degustación gratuíta as dúas creacións que foron premiadas no concurso 'Melide de tapas', o pulpo á grella con queixo Arzúa-Ulloa e vieira con lan-

gostinos e pulpo con crema de guisantes e xamón. Tamén preparou carrilleras de tenreira galega ecolóxica ao viño Mencía.

A actuación da orquestra de Saxos de Redondela -a única deste tipo en Galicia, con arredor de 40 compoñentes-, dirixida por Elisa Arias, causou sensación entre o público, ao

igual que a exhibición de full-contact e loita libre da Escola Ayude de Melide, que tivo lugar xa durante a tarde.

A programación vespertina completouse cun curso de cata de viños, coordinado pola enóloga Paula Carballada e a firma melidense Casa Alongos. A actividade foi moi seguida por persoas que quixeron

aprender conceptos básicos na cata. Tamén houbo moita xente de a pé que asistiu ó curso de corte de xamón, onde se explicaron as técnicas básicas para un bo corte.

Dende Distribucións O Carrizo están satisfeitos polo éxito do certame e piden a colaboración das institucións para que teña continuidade.

Os Ánxeles homenaxea aos Padres Pasionistas

Os veciños recoñecen a “gran labor” dos pais Rosendo e Rogelio

O convento pecha por falta de vocación tras máis de 100 anos en Melide

Son toda unha institución en Melide. Co seu traballo e adicación gañáronse o respecto de varias xeracións de veciños, que agora lamentan a súa marcha. O convento dos Padres Pasionistas de Melide pecha definitivamente. A falta de vocación, que fai que só sexan dous os pais que continúen en activo, obriga a pechar o centro. Agora trasládanse ó centro que a comunidade ten na Ponte Pasaxe da Coruña.

Pasou máis dun século dende que se estableceron na vila. Foi alá polo 1909 cando comezou a construírse o convento e as instalacións que albergaron unha casa de estudos -onde se formaron preto dun cento de mozos para as misións en países do es-



Os fieis entregaron cadansúa placa aos pais



A igrexa dos Ánxeles estivo ateigada de fieis



O pai Rosendo nun momento da misa



O pai Rogelio tamén se dirixiu aos fieis

tranxeiro- e, posteriormente, un colexio internado.

Tódolos melidenses lembran momentos moi importantes vividos a través desta comunidade relixiosa, como as primeiras comunións que realizaban ou a conmemoración da súa patrona, Santa Gema.

Os veciños amósanse entristecidos pola súa marcha, pero deséxanlle todo o mellor para o seu futuro.

Homenaxe

Os pais Rosendo e Rogelio recibiron o pasado día 26 unha calorosa e emocionada homenaxe por parte da parroquia

dos Ánxeles. Trala misa cantada, entregáronlle sendas placas conmemorativas, en recoñecemento da “gran labor” á fronte da parroquia, que desenvolveron durante 15 anos. Os veciños din que os recordarán sempre con cariño, sobre todo pola preocupación cara ás persoas máis necesitadas.

Relación de persoas que aportaron o seu donativo para a homenaxe dos pais Rogelio e Rosendo:

M. Ángel Parrado Gredilla
Susana Parrado Gredilla
Maruja Castiñeiro-Pintor Peón
Fillos de Maruja
Asunción e fillos do Castiñeiro
Mercedes Arias Vilanova
Consuelo de Teixín
Familia Parrado Gredilla
Familia Parrado Buján
Familia Pardo Souto do Ribeiro
Mercedes Penacoba
Familia Ferraces - Mascañeiro
Familia Fernández Edreira
Marcial e Magdalena do Ribeiro
Pacita e Manolo de Garceiras
Irmán de Pacita de Garceiras
Familia David Sanmartín de Os Ánxeles
Familia Mato Teixín
Familia Alemán
Familia Meliciano
Familia Martiño
Familia Americano
Juan Noguerol - Casa Pelos
Benigno do Ribeiro
Mercedes Sacristana
Familia Blanco do Mascaño
Sara López Cea
Concha Carteira
Filla de Concha
Aniceto Vilanova
Inés e fillos
Eliseo Vázquez
Familia Varela López
Fillos de Varela López
Familia Casal Neira
Aurora de Petis
Luisa de Petis
M^a Carmen e fillos de Garceiras
Daniel e Isabel
Familia Antonio Mejuto
Concha Rey
Luis e Maruja de Sierra
Carmen Carballal Riveiro
Viúda Marcial Riveiro
Vilariño do Ribeiro
Hermanas Rivas Tojo
Luisa Martínez Vidal
Familia Martínez Vidal
Ángel e Consuelo
Familia Mariano de Os Ánxeles
Familia Gómez Vilanova
Mercedes Rial
Gabriel Blanco
M^a Jesús e José Garea
José Rey Rey
Jesús Barreiro Sánchez
Ferro e esposa
Manuel Mato de Concepción
María Parrado
Jesús Piñeiro
Concha Mella
Gloria Martínez Vidal
Antonio Cea
Oliva Barreiro

Do total de donativos recollidos sobraron 350 euros, que foron entregados á comisión de festas para a misa do 15 de agosto.



Tfno.: 981 942 415
Ronda de la Coruña, 58
15800 MELIDE (A Coruña)



O Melide Fútbol Sala encara a próxima tempada coa vista posta no ascenso á categoría nacional

O clube prepara un torneo cos mellores equipos da liga nacional para agosto

Hai pouco que rematou a tempada, pero no Melide Fútbol Sala só teñen en mente o próximo curso. O seu obxectivo será conseguir o ascenso á categoría nacional, meta pola que estiveron loitando este ano, pero que non lograron acadar. Aínda así, o clube quedou en moi boa posición, de quinto clasificado a só tres puntos do terceiro.

22 anos de historia

O clube é o único que representa ó concello e á comarca da Terra de Melide na disciplina do fútbol sala. Fundouse no 1989 e, dende aquela, pasou por varias categorías. Actualmente está na autonómica, pero chegou a estar na nacional, onde só se mantiveron un ano.



Manuel Conde, presidente do Melide Fútbol Sala

Tralo descenso á autonómica tiveron unha etapa de transición na que estiveron na categoría provincial. Foi nese momento no que Alberto Neira colleu o equipo como adestrador e lograron volver á liga autonómica.

Hai dous anos o clube decidiu apostar por un novo proxecto. Fusionar o equipo xuvenil co sénior. A primeira tempada foi moi dura, pero este ano lograron un grupo moi cohesionado, no que é pa-

tente a boa relación entre os xogadores e o actual adestrador, Tonecho.

O clube está apoiado por uns 220 socios. Dende a directiva, que integran Manuel Conde como presidente, Alberto Neira como vicepresidente, Iván Sancosme e Roberto Taboada, agradecen o apoio de varias firmas da vila -Muebles Paula-Traspome, Jim Sports, Anic- xa que as súas aportacións son imprescindibles para custear os gastos que ten



Equipo que xogou no torneo de fútbol sala en agosto de 2010

o equipo, que son duns 9.000 euros por tempada.

Torneo para agosto

Ao igual que nos últimos anos, dende o Melide FS traballan na organización dun torneo de fútbol sala en Melide, que se celebra polas festas do San Roque e que trae á vila os mellores equipos do panorama autonómico, nacional e internacional.

Nestes momentos, o equipo está en contacto co Dínamo de

Moscú. No ámbito nacional, intentarán traer ó Barcelona, Caja Segobia e ó Pozo de Murcia. Como é habitual, estarán o Lobelle de Santiago e o Azkar de Lugo.

A pesar das dificultades económicas que están a atopar, dende o equipo amósanse ilusionados con este proxecto, xa que ademais de atraer a moitos afeccionados á vila durante unha semana, supón unha boa promoción para Melide en todo o país.

Pinturas CONDE

Tfno.: 630 326 609
C/. Rosaleda, 6 - 3º.
15800 MELIDE (A Coruña)

Servinor Infraestructuras S.L.

Palas de Rei - Lugo
C/. Huertas, s/n
Tfno.: 981 505 006
Móvil: 699 066 167
servinor@servinor.net
www.servinor.net

Anic Serigrafía

Tfno./Fax: 981 507 548 - móvil: 610 011 720
serigrafia.anic@gmail.com
Pol. Ind. A Madanela - 15800 MELIDE (A Coruña)

GRUPO JIM SPORTS

Melide celebrou o San Xoán cumprindo coas tradicións

O olor a sardiñas invadiu a vila, onde arderon multitude de luminarias

“Polo San Xoán a sardiña molla o pan”. O popular refrán cumpriuse á perfección en Melide, onde varias e variadas luminarias serviron para preparar as tan prezadas, e caras, sardiñas.

O San Xoán marca o comezo da tempada de vacacións e dende días atrás, os rapaces, que xa estaban liberados das ataduras escolares, ían construíndo castelos de madeira cos máis diversos aparellos inservibles que foron recolectando casa por casa. Dende os socorridos palés, pasando por mobiliario vello ata todo tipo de paos e cartóns. Ata houbo quen botou ó lume as libretas do instituto ou os apuntes da facultade, toda unha tradición.

Ducias de grupos e familias reuníronse a carón do lume, onde esa noite prestou moito estar. Houbo moitas e moi concorridas luminarias “privadas”, onde ademais de sardiñas se cociña churrasco, hai ensalada e incluso patacas fritidas e queimada.

Entre as máis míticas volveu destacar a da Asociación de Amas de Casa, que xunta a moita xente a carón da Capela de San Roque dende hai uns 23 anos. Serviron o tradicional chocolate con doces típicos.

Moitos peregrinos atrevéronse a saltar as luminarias. Os estranxeiros quedaron impresionados por esta festa, a da noite máis máxica do ano.



A pesar da súa escaseza nas peixerías, as sardiñas non faltaron



As luminarias arderon ata altas horas da madrugada



Os máis atrevidos saltaron as luminarias e pediron desexos

Goberno local e hostelería reúnense para planificar as festas do San Roque

Unha das primeiras reunións que tivo a nova alcaldesa melidense, Ánxeles Vázquez, foi co gremio de hostaleiros, para planificar as festas do San Roque. A alcaldesa transmitilles que se encargará de xeito especial das festas este ano, debido ó pouco marxe de tempo para organizalas dende que tomou o poder.

No encontro, celebrado a mediados de xuño, a rexedora explicou que as festas terán unha duración de cinco días, entre o 16 e o 20 de agosto. Non obstante, dende o Concello intentarán que o día previo

e posterior se desenvolva algunha actividade complementaria. Neste senso, explicou que a súa intención é programar algunha actuación ou actividade durante tódolos días do mes de agosto.

Por outra banda, Vázquez confirmou que as barracas estarán instaladas na mesma ubicación que anos atrás. Avanzou aos hostaleiros que o Concello solicitou unha ampliación do horario de peche para a semana das festas. Non obstante pediulles que intenten cumprir cos horarios establecidos, fixados pola Xunta.



Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

a contrapelo ferrugueiros

Tfnos. reservas: 981 50 60 03 - 617 17 87 58
Avda. de Lugo, 2-1º - 15800 MELIDE (A Coruña)
E-mail: a.contrapelo@galicia.com

Oro Ley
Taller Propio

Rúa de San Pedro, 14
15800 Melide (A Coruña)
Telf. 981 505 468

Alzadeiros ofrece unha completa selección de electrodomésticos para todo o fogar

A empresa está especializada en mobles e equipamentos para a cociña

Realizan un estudo técnico da vivenda, adaptado ás necesidades de cada cliente

Hai agora 37 anos, Benigno Varela fundaba en Melide Alzadeiros, unha empresa adicada ós mobles de cociña e á venda de electrodomésticos para todo o fogar. Eran tempos difíciles, pero pouco a



Inma na súa tenda da rúa Ovedo de Melide

pouco conseguiu abrir camiño no sector.

Hoxe en día, o seu fillo Pepe, xunto coa súa muller Inma, están ao cargo do establece-

mento. Herdaron un negocio sólido, aínda que tamén tiveron que superar momentos complicados.

Realizaron varios cambios

na orientación do negocio, adaptándose ao mercado. Agora mesmo están asociados ao grupo Cenor, que conta con máis de 150 puntos de venda


repartidos por todo o norte de España.

A mellor carta de presentación de Alzadeiros é a atención personalizada a cada cliente. Ofrecen unha ampla variedade de electrodomésticos para equipar todo o fogar, coas mellores marcas e a tecnoloxía máis actual. Ademais, ofrecen un inmejorable servizo, combinado coa mellor relación calidade-prezo e con tódalas garantías das grandes marcas de electrodomésticos.

Estudio técnico

Alzadeiros tamén está especializado en mobles de cociña. Encárganse de realizar un pormenorizado estudo técnico para cada cliente sen ningún tipo de compromiso.

A clave da súa estratexia reside en adaptarse ás posibilidades económicas de cada persoa e en financiar o seu presuposto tendo en conta tódolos detalles.



ALZADEIROS

ELECTRODOMÉSTICOS Y MUEBLES DE COCINA

Rúa de Ovedo, 8 Tlf. 981 50 53 30
15800 MELIDE (A Coruña)



Un rogo aos novos rexedores políticos

Xesús Núñez López

Auséntase un tan só uns meses da súa patria chica e cando volve atópase con algunhas cousas que chaman a atención, de maneira máis fonda ca se as estivera vendo cando xurden ou cando escomezan a realizarse.

Unha das cousas que me sorprendeu, aínda que non era inesperada xa que levabamos moito tempo “chorando” por ela, foron os traballos moi avanzados para mellorar a estrada de Melide a Ribadulla.

Nembargantes, e só querendo facer unha crítica construtiva, esta mellora -que benvida sexa!- non deixa de ser só un bo remendo, porque esta estrada con un moi intenso tráfico pesado e de toda clase, sen que supuxera unha grandísima cantidade de diñeiro, podería quedar moito mellor, porque hai voltas moi grandes e con certa perigosidade para o tráfico, que non teñen razón de existir, dado que para ser suprimidas non existen maiores obstáculos ó non haber vivendas nin outra clase de construcións nos sitios polos que podería pasar; tan só o de ter que pagarlles aos propietarios o importe dos terreos ocupados, como é natural.

Esperemos que non teñamos que tardar tantos anos para facerlle outro e definitivo amaño, como é necesario e merecer unha boa estrada a comarca, de todas, todas.

O outro día fun -como tantas outras veces- facerlle unha visita ó magnífico Museo Terra de Melide, e ó atoparme na Praza do Convento, os meus ollos tropezáronse con algo que lles chamou a atención, coma se fora algo novo. Non era novo. Eran as tres flamantes bandeiras, a de Galiza, de España e da Unión Europea, que voltaron a onde soían.

E aínda que alguén escribiu xa fai algúns anos nun xornal da nosa terra, que as bandeiras “só son uns farrapos de cores”, isto non quita para que sexan vistas como un símbolo do que representan para cada autonomía, cada país ou para un conxunto de nacións, como é o caso de Europa ou mesmo dos EE.UU. de América, onde hai 123 etnias e 52 estados cunha soa bandeira -que seica foi bordada por unha costureira chamada Betsy Griscom



Ross-. As bandeiras, dende o punto de vista do que representan, poden ter moito mérito para uns, moito menos para outros e ningún para un terceiro grupo, que sería ese dos que as ven como tan só “uns farrapos de cores”. Por iso tamén dicimos que “para gustos hai cores”.

Como de todos é sabido, hai o dito de que “as cousas teñen o valor que se lles queira dar”, pero tan só como dato histórico, para aquelas persoas que non o saiban ou xa lles esqueceu, a actual bandeira de España, creada baixo o reinado de Carlos III, serviu para unificar as distintas bandeiras existentes por entón en España, que representaban outros tantos territorios nos que se atopaba dividida a nación española, e incluso foi a bandeira da Primeira República Española.

E tendo en contra que a bandeira xa pasara por tantas vicisitudes, sería por iso que a Constitución Española de 1978 respetouna, e tan só va-

riou o escudo da época franquista.

Pero eu, o que quero, é voltar ao título deste traballo, para dicirlles e ata rogarlles aos novoso dirixentes políticos, tanto da Deputación como da vila de Melide que, por parte do primeiro, os traballo de mellora da estrada entre Ribadulla e Melide non sufran ningún retraso por mor do cambio de titular e a ser posible que aceleren o ritmo aínda máis, para que vexamos canto antes terminada esta etapa, tendo en conta non só os beneficios que reportan para as parroquias da “terra de baixo”, senón tamén para os comercios e actividades industriais de toda a nosa comarca.

E para a señora alcaldesa que o de colocar as bandeiras nun sitio máis visible, no que ata incluso contribúen a adornar a Praza do Convento, está moi ben; pero hai moitas máis cousas que facer para que melloren as condicións de vida de tódolos cidadáns do “seu” concello.

Cebos artificiais

Xavier Pazo Blanco, presidente da Asociación de Troiteiros ‘Río Furelos’



Un señuelo é un cebo artificial que cando se lanza á auga e se arrastra nese medio incita aos peixes depredadores a picar, xa sexa porque sinten que invaden o seu territorio, por terquedade ou por fame.

Un dos señuelos máis sinxelos é a culleriña, feita de metal plateado, latón, aluminio ou cobre, con anzós simples e triples nun extremo e un xiratorio no outro, ambos unidos ao corpo por anillas.

A culleriña ten dúas vantaxes fundamentais: o seu peso fai que teña unha boa capacidade de lanzado (sobre todo cando fai vento) e pode descender en segundos ata a profundidade desexada antes de iniciar a recuperación. Non xira, mais dá voltas e baláncese dun lado para outro, e por iso pódese recuperar practicamente a calquer velocidade.

Normalmente a forma da culleriña é ovalada, tamén son moi alongadas; a elección do peso e do tamaño dependerá da especie que se pretenda pescar (salmón, reo, troita...).

Existen gran variedade de cores para a paleta e de adornos para o anzó e corpo. Para atraer aos peixes no arrastre, normalmente utilí-

zanse culleriñas grandes (encoros...), cunha gran variedade de detalles e cores na paleta, nos anzós e corpo (moscas, peixes de plástico).

Ás culleriñas séguelles en progresión natural, o spinner, no que a paleta xira arredor dunha barra central. O devón para a pesca do salmón cun corpo de metal de diversos pesos para ríos moi rápidos e profundos, ou de madeira para ríos medios. Tamén temos os spinnig, que xiran e zumban.

Todos estes cebos podémolos recuperar tanto deprésa como despacio e por suposto a calquera profundidade.

Tamén temos os jigs, con plomos na cabeza e fabricados con materiais de goma.

Para rematar, existe unha variedade moi extensa e popular de cebos artificiais de madeira ou de plástico coñecidos como plugos: flotantes e sumerxibles.

A maioría dos pescadores de pesca deportiva utilizan dous cores básicos en cada cebo intentando imitar un peixe en especial, ou buscando crear un cebo deslumbrante que incite a reacción de ataque dos peixes depredadores.

Democracia Real Xa! Dúbdas

Santiago Prado Conde (Chago)
Antropólogo



O pasado mes de xuño o movemento Democracia Real Xa! comezou a xerar moitas dúbdas na cidadanía debido ás agresións físicas e verbais aos deputados do parlamento da Generalitat.

O sistema de eleccións pode suscitar dúbdas e seguramente haberá que realizar remodelacións, e as medidas que adoitan os políticos en moitas ocasións os cidadáns non chegamos a entender a súa lóxica, pero utilizar o terror para intentar acadar certos obxectivos é inaceptable.

O citado movemento apresurouse a rexeitar tallantemente a violencia rexistrada. Os seus argumentos baseáronse en que eles son un movemento pacífico e que a protesta á porta do parlamento foi convocada por outros grupos que non se integran no seu. A pesar de que os inaceptables incidentes se sitúan á marxe do pacifismo que promulgan, non é menos certo que a opinión pública, tanto a mediática como a das persoas na rúa, referiu ao movemento como algo que non se estaba a controlar e calquera pode falar en nome do movemento en xeral.

A simpatía que noutroa espertou pasou a ser duramente criticada e incluso que se puxeran en cuestión as súas reivindicacións. Moitos medios aos que este movemento lles xeraba dúbdas, ou non comparten as súas reivindicacións, ou simplemente se sitúan opostos as súas ideas, aproveitaron os sucesos en Barcelona

para realizar a crítica máis devastadora e solicitar con veheuencia a disolución dos acampados e críticos co sistema.

A crispación durante dous ou tres días, a pesar de todas as repulsas posibles, continúa hoxe en día. Moitos cidadáns deixaron de mirar a este movemento como serio e organizado, e principalmente como o que ten que ser: cohesionado. A representación que se fixo durante eses días pareceuse máis a un “son cousas da idade” e dunha profunda inmadurez que a aquilo que realmente pretende o movemento: que as persoas tomen conciencia das desvantaxes e recortes no ámbito social que están a sufrir, ademais de querer abolir os enormes privilexios da clase política e daqueles que gobernan a economía e, polo tanto, moitas das vidas das persoas.

Os feitos ocorridos en Barcelona penso que representan un punto de inflexión entre o que se quere e a forma de conseguilo.

Como expuxen na colaboración do mes pasado, este movemento retomou o vello slogan “outro mundo é posible” e para conseguilo non poden utilizarse as vellas formas do século XX, como recorrer á violencia para conseguir os obxectivos propios. Se algo nos ensinou o século XX é que recorrer á forza, á coerción, ao terror... ou a calquera tipo de violencia para alcanzar os propios intereses, por moi lexítimos que parezan no

momento, non é máis que reproducir os fundamentalismos que millóns de persoas sufriron durante o século pasado, principalmente con dúas guerras mundiais, ditaduras sanguinarias en Europa e noutros moitos lugares do mundo.

Se este movemento quere alcanzar os seus obxectivos, non pode ser doutro xeito que trazar un roteiro no que a palabra sexa a que nos permita realizar o camiño.

Polo tanto, xa que se leva moita tinta verquida sobre a mocidade actual como a máis preparada da historia, deberán demostralo mediante os seus coñecementos e as novas formas de resistencia (sempre pacífica) que poden levarse a cabo co fin de o slogan nos achegue un pouco máis a súa utopía e nos proporcione folgos para continuar.

En fin, outro mundo é posible sempre e cando non reproduza as vellas maldades nin uns poucos aproveiten para lexitimar certas accións que pouco ou nada teñen que ver con aqueles que mediante a palabra ocuparon as prazas das principais cidades do Estado de xeito pacífico, en clave de debate e, en definitiva, estaban dispostos a conseguir que a sociedade reflexionara sobre o que é e sobre o que quere ser, aínda que o camiño para esta reflexión colectiva sexa arduo e sucesos como os expostos desalentan a moitos dos que aínda cren que se poden cambiar as cousas sen recorrer á violencia.

Contra a intolerancia

David Barrio, representante de UGT

Hai un tempo, moi pouco despois das eleccións municipais, uns desalmados, ignorantes e pobres diablos facían unha pintada na fachada do Concello de Santiso.

Ó exposto na mencionada pintada non son eu quen lle vaia facer propaganda, pero en todo caso, é repugnante e co Código Penal na man, moi grave, pois é clara apoloxía do terrorismo, polo tanto se caeran os “paxariños” serían xulgados. As penas poderían oscilar entre oito e dous anos.

Todo isto máis o atentado patrimonial e o custo que terá a súa reparación para os contribuíntes de Santiso. O máis grave, baixo a miña percepción, foron as pintadas de vermello figurando manchas de sangue, moi ben figuradas por certo.

Hai que ser ben desgraciado para poder xogar con isto, e sobre todo, neste concello que no ano 1936 foi regado desgraciadamente pola intolerancia e a senrazón dun conflito que desangrou o noso país durante anos. Xa sei que quen fixo as pintadas descoñece isto, porque seguro que é un/unha pobre ignorante, pero tivo o suficiente valor e posiblemente tería a forza de cometer ou facer calquera barbaridade en contra da liberdade dos demais.

Sobre esta xente ten que

caer todo o peso da lei. Non pode quedar impugne este delito que dunha maneira figurativa manchou de vermello color sangue a todo o pobo de Santiso.

Todos temos que condenar estes atentados e eliminalos do campo de visión dos rapaces, que teñen que loitar pola educación da liberdade e dos seus valores, pola que moitos cidadáns deste país deron a súa vida.

Tamén é importante sacar do debate e de facer conxecturas sobre os posibles culpables ou indutores. Este atentado hai que apartalo totalmente da discusión política, nada ten que ver con isto. Energúmenos hainos en todas partes e estes utilizan os momentos puntuais para facerse ver. Xa o fixeron na pasada campaña electoral e, posiblemente e se non o impedimos, o fagan na próxima, pero non deixan de ser un par de pringados que non representan a ninguén.

Santiso é un pobo pacífico e respetuoso, e totalmente democrático. Polo tanto, neste concello non teñen cabida, de iso si que non me cabe dúbida.

É unha responsabilidade de todos facerlles ver que o camiño ten que ser, e será sempre, o da tolerancia e o do respecto. E se alguén non o entende así, farémosllo entender.

**ANÚNCIATE NO
CERNE**

**O xornal da
Terra de Melide**

663687322

981506188

info@asetem.com

AXENDA XULLO

-venres 8: presentación do libro ‘Santantoíño de Toques’ de Xosé Manuel Broz, ás 20.30 horas na igrexa da Capela, en Toques.
-concerto do grupo pop-roch Marlon. Á 1.00 horas no Pub Gatos, Melide.

-sábado 9: festa do San Cristóbal. A partir das 13.30 no Campo da Feira de Melide (consultar páx 19)
-presentación do libro ‘Santantoíño de Toques’ de Xosé Manuel Broz, ás 20.30 horas no Museo Terra de Melide.
-espectáculo do barman acrobático José Cruz en A Boa Viña. Zonas dos Viños, Melide.

-venres 15: aniversario do pub Mistik, Melide.

-sábado 16 e domingo 17: festas do Carme (consultar páxina 13).
-sábado 16: concerto do grupo Metralletas Lecheras, á 1.00 horas no Pub Gatos, Melide.

-venres 22: concerto da banda de blues La Maldita, á 1.00 horas no Pub Gatos, Melide.

-luns 25: Día da Patria Galega. Festivo en Galicia.

-venres 29: concerto do grupo rock Derroche, á 1.00 horas no Pub Gatos, Melide.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45, Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45 Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30	(período lectivo), 15.25, 17.50, 20.20 Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50 Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20
A CORUÑA - MELIDE De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00 Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00	MELIDE - LUGO De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos) Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25 Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50
MELIDE - FERROL Sábados: 19.15 Domingos e Festivos: 19.15	TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila) Luns a venres laborables: Saída de Fondevila: 10.20 Saída de Melide: 12.30 Domingos excepto último de mes: Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00 Saída de Melide: 13.00 Último domingo de mes: Saída de Fondevila: 7.45 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
FERROL - MELIDE Sábados:10.30 Domingos e festivos: 17.00	
MELIDE - OURENSE De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00 Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20.00	
OURENSE - MELIDE De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15 Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15 Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00	MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela) Martes e venres laborables: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide:12.30 Domingos, excepto último de mes: Folladela: 8.40 Saída de Melide 13.00 Último domingo de mes: Saída de Folladela: 8.30 Saída de Melide: 13.00 e 14.00
MELIDE - SANTIAGO De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40	

TELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS		SERVIZOS E INSTITUCIÓNS			
UrxenciasSanitarias	061	Atención ao cidadán	981120012	ASETEM-CCA	981506188
Bombeiros	080	Valedor do pobo	981571900	I.E.S. de Melide	981505162
Incendios Forestais	085	Economía facenda	981545151	C.E.I.P nº1	981505238
Policía Municipal		Industria e Comercio	981544341	C.E.I.P nº2	981505929
Urxencias	092	Sevizo Galego Colocación	981125000	Gardería	981505003
Melide	981505003	Teléfono da Muller	900400273	U.A.F. de Melide	981507742
Policía Nacional	091	Teléfono do Menor	900444222		
Garda Civil		Dirección Xeral de Tráfico	900125505	SANTISO	
Urxencias	062	Correos	902197197	Casa do Concello	981818501
Melide	981505007	Auga	981242322	Centro de Saúde	
S.O.S		Electricidade	981147200	Agrochao	981517803
S.O.S Galicia	112	Gas.	900760760	Visantoña	981510749
Protec.Civil.	670498848			Xulgado de Paz	981 818501
TRANSPORTES		MELIDE			
RENFE		Casa do Concello	981505003	SOBRADO	
Nacional	902240202	Centro de Saúde	981506176	Casa do Concello	981787508
Santiago	981596050	Servizos Sociais	981505012	Desenvolvemento local	981787508
Autobuses		Consevatorio	981507100	Centro de Saúde	981787744
A Coruña	981239099	Polideportivo	981507752	Mosteiro de Sobrado	981787509
Santiago	981542416	Centro Social da 3ª Idade	981505706	Xulgado de Paz	981787508
Aeroportos		Parada de Taxis	981505390		
A Coruña.	981187200	Oficina de emprego	981505204	TOQUES	
Santiago	981547500	Albergue Xuvenil	981507412	Casa do Concello	981505826
Vigo	986268200	Albergue do Peregrino	660396822	Centro de Saúde	981507301
		Centro Ocupacional	981505003	Xulgado de Paz	981505826

CEFERINO LOBATO, CAFETERÍA CHAPLIN

“Chegamos ós 25 anos a base de tesón e adaptándonos ó mercado”

Hai 25 anos Ceferino Lobato iniciaba a súa propia aventura no mundo da hostalería. Facíao en pleno Cantón de San Roque. Comezou cun local arrendado, pero un ano máis tarde soubo que o mellor camiño era fundar a súa propia empresa. Así naceu o Chaplin, unha cafetería que foi a pri-

meira hamburguesería da localidade. Reconvertiuse en pub, e volveu ser cafetería. Hoxe está especializada en almorzos e pratos combinados. Tralo 25 aniversario, Ceferino e a súa familia seguirán ofrecendo un trato especial aos clientes, “sempre con cariño e amabilidade, ese é o noso segredo”.

-Este ano, a Cafetería Chaplin celebra o 25 aniversario, como se sente?

-É unha conmemoración especial. Chegar aos 25 anos foi moi duro, custounos moito traballo, porque foron anos moi difíciles. Pero estou moi orgulloso de todo o traballo.

-Que recordos ten destes 25 anos?

-Comecei a traballar moi novo, con 22. Tiven que loitar contra a competencia, loitar por abrir camiño nun mercado que tiña a súa clientela consolidada. Foi moi complicado. Ás veces miro cara atrás e non sei como o puiden facer, pero sendo loitador conseguín saír adiante.

-Para chegar ata aquí, tivo que comezar dúas veces

-Hai 12 anos queimouse a cafetería na que comecei. Foi o 2 de febreiro do 1999. Hai datas que nunca se olvidan. Ardeu a caldeira do edificio. Pillounos a nós polo medio e desfíxonos a vida por completo. Perdémolo todo. Botamos dende febreiro ata agosto sen saber que facer e logo foi cando decidimos volver abrir, na actual ubicación. Tivemos que volver comezar dende un principio, cos problemas engadidos da falta de crédito dos bancos. Foi bastante duro, pero xa me pillou con máis experiencia. Agora hai que mirar cara adiante.

-Cal é o segredo para que un negocio se manteña durante tanto tempo?

-Conseguimos chegar ata aquí con moito tesón e esforzo e adaptándonos continuamente ó mercado. Probei de todo dentro do meu negocio e sempre apostei por innovar, por estar á última. Isto axudoume a manter o negocio vivo.



Ceferino Lobato coa súa familia diante da Cafetería Chaplin

-Por que decidiu adicarse á hostelería?

-Con 12 anos canseime de xogar e un verán vin un anuncio no que ofrecían traballo de camareiro. Apunteime, pero ó cabo de 15 días estaba cansado, vin que tomara unha mala decisión. Pero meu pai díxome que eu elixira iso e que tiña que seguir. Valeume de moito que me obrigara a seguir, porque aos 14 anos quedei orfo de pai e nai e agarreime ó traballo.

-Co paso do tempo comezou a adquirir formación

-Comecei a perfeccionarme. Estiven en Lalín, na Coruña, e en Madrid, perfeccionando máis a miña carreira ata os 22 anos. Conseguín chegar a segundo maitre, a base de estudos e traballo. Cando cheguo o

momento, vinme preparado e decidín establecerme por min mesmo. Aprender fóra foi o que me valeu de arranque para poder iniciarme eu só.

-Os peregrinos e turistas son os seus principais clientes

-O 90% da nosa clientela está composta por peregrinos e turistas, por xente de paso. O restante é xente do pobo, que vén en menor medida, porque se reparte por tódolos locais que hai.

-Decidiu facer o Camiño para orientar ben o seu negocio

-Fixen o Camiño tres veces para saber que era o que sentía un peregrino cando chegaba a Melide. Despois de captar a espiritualidade e o sentimento

da ruta, optei por enfocar o negocio tal e como o temos agora. Ó longo do Camiño hai moitos e moi bos sitios para comer. O peregrino necesita comer a gusto, algo que lle apeteza. Comezamos con este plantexamento en febreiro de 2004. Normalmente, despois de catro anos hai que facer algún cambio no negocio para que non morra. Nós levamos sete anos, o que quere dicir que a idea é boa e consistente, xa que se mantén no tempo.

-Sempre estivo á vanguardia na hostelería

-Sí. A primeira hamburguería que se montou en Melide foi no Chaplin, a finais dos 80. Logo comecei a traballar como pub, daquela era unha novidade. Mantivémonos durante catro anos e logo seguimos

“Sempre apostei por innovar, por estar á última, e isto axudoume a manter vivo o negocio”

“O 90% da nosa clientela son peregrinos e xente de paso. Fixen o Camiño para saber o que se sente”

como cafetería.

-Aínda que é novo para retirarse, xa ten relevo

-O meu fillo vén detrás para seguir co proxecto. Ter relevo xeracional é moi importante. Para min é un orgullo que siga os meus pasos a nivel empresarial. Está na idade de traballar. Se eu cheguei ata aquí el pode seguir para adiante. Ademais tennos a nós como apoio, un apoio que eu non tiña.

-Como ve o futuro?

-É incerto. Eu sempre me fun adaptando ás circunstancias que envolvían á sociedade, ó que me ía marcando a vida. Hai que vivir día a día e cambiar e adaptarse aos novos tempos que vaian vindo, evolucionar segundo marque o mercado, que é o que manda.

PALLADIUM
WEEK-ENDS

STRIP TEASES
GO-GOS
DRAG-QUEENS

LAICUS
Violet Sensations
pub

pub
ZEROX
melide

1200 m SALA

PALLADIUM
DISCOTECA palladium
melide

DJS
RESIDENTES
120.000W

RESERVADO EL DERECHO DE ADMISION